

**- CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-**

**ACTA Nº 16/2015  
DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL  
- DIA 29 DE OUTUBRO DE 2015 -**

**Marxe que se cita:**

**ASISTENTES**

**Presidente:**

ADOLFO F. MUÍÑOS SANCHEZ.- BNG

**Concelleiros/as:**

ADELINA CES QUINTÁNS.- BNG  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- BNG  
(INCORPÓRASE AS 20:19 H)  
XUSTO XOSE ORDOÑEZ FIGUEIRA.- BNG  
TOBIAS BETANZOS REGO.- BNG  
RAQUEL GARCIA ABUIN.- BNG

JOSÉ NORBERTO UZAL TRESANDI.-PP  
ELISA BOUZAS VICENTE.- PP  
Mª JESUS GALBAN TEIJEIRO.- PP  
CELSA MARÍA MIGUENS PEREZ.- PP

Mª CARMEN FIGUEIRA ARES.- PSOE  
FRANCISCO JAVIER GARCIA ARES.- PSOE  
Mª DEMELSA IGLESIAS COLLAZO.- PSOE

ANTONIO CASTRO CASTRO.- R.COMÚN-SON  
JUAN ANTONIO LOSADA MARTINEZ.- R.COMÚN-SON

**Concelleiros ausentes:**

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN.- PP  
BEATRIZ LAFUENTE PIMENTEL.- PSOE

**Interventora:**

Patricia Fernández Pérez

**Secretaria accidental:**

Vicenta A. Campaña Martínez

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:05 baixo a Presidencia do Sr. Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Secretaria accidental, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal ordinaria.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr. Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DIA**

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
- 2º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA 2014, CONTRARIAS A REPARO.
- 4º.- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 35/2015.
- 5º.- SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO DO SALDO DEBENDOR DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA PIE 2013.
- 6º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 17 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.
- 7º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.
- 8º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.
- 9º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS DO CONCELLO DE RIANXO.
- 10º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.
- 11º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Antes de dar comenzo ao inicio deste Pleno, polo Sr. Alcalde propónse gardar un minuto de silencio, con motivo da última vítima de violencia de xénero.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

**Acta Nº 14 Sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2015.**

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares**, di que nos asistentes á sesión figura a concelleira Beatriz Lafuente, cando non asistíu á mesma, debendo facer tamén un reaxuste nas votacións dos puntos.

En relación á Moción referente aos refuxiados, na páxina 20, debe incluírse o parágrafo ata a palabra xenófobos.

En canto ao punto de Rogos e Preguntas, as que figuran como os 3 últimos rogos, deben constar como preguntas.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que na primeira pregunta formulada, entende que a contestación do Sr. Alcalde foi afirmativa.

Polo Sr. Alcalde contéstaselle que non é un sí categoríco.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

#### **Acta Nº 15 Sesión extraordinaria do día 20 de outubro de 2015.**

A Presidencia preguntalle aos/as Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada por unanimidade dos presentes.-

### **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2015 ata o 30/09/2015, que comprenden os números 474/2015 ao 529/2015, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.**

**2.B)** A Presidencia di que non consta na documentación do pleno a acta da Xunta de Goberno Local nº 18 do 14/09/2015 polo que deixa para o próximo pleno.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

### **3.A.- DACIÓN DE CONTA DA MODIFICACIÓN DOS CONCELLEIROS QUE COMPOÑEN AS COMISIÓNS INFORMATIVAS**

O Sr. Alcalde da conta da modificacións dos concelleiros que compoñen as comisións informativas.

<<Pola Presidencia dáse conta do escrito presentado polo grupo político do PP para as modificacións dos seus membros ás diferentes Comisións informativas creadas polo Pleno da Corporación (Rex. entrada de data 23/10/2015).

Cómpre lembrar que tense constituído o día 30/07/2015 as diferentes comisións informativas acordadas na sesión plenaria e dada conta no pleno de 24 de setembro do presente ano.-

En consecuencia os membros das diferentes Comisións Informativas modificadas son os seguintes:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E DIVERSIDADE.**

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

A) Grupo B.N.G:

Titular: D<sup>a</sup> Hadriana Ordoñez Otero.- Suplente: D<sup>a</sup> Adelina Ces Quintans

B) Grupo P.P.:

Titular: D<sup>a</sup>. Elisa Bouzas Vicente.- Suplente: D<sup>a</sup> María Jesús Galbán Teijeiro.

C) Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D<sup>a</sup> María Demelsa Iglesias Collazo.- Suplente: D<sup>a</sup> Beatriz Lafuente Pimentel.

D) Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martínez

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCION ECONOMICA, DESENVOLVEMENTO LOCAL, COMERCIO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE.**

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

A) Grupo B.N.G:

Titular: D<sup>a</sup> Adelina Ces Quintáns.- Suplente: D. Tobias Betanzos Rego

B) Grupo P.P.:

Titular: D<sup>a</sup> Celsa María Miguens Pérez.- Suplente: D. María Jesús Galban Teijeiro.

C) Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D<sup>a</sup> Beatriz Lafuente Pimentel.- Suplente: D. Francisco Javier García Ares.

D) Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Juan Antonio Losada Martínez.- Suplente: D. Antonio Castro Castro

**COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES E PATRIMONIO HISTÓRICO CULTURA, XUVENTUDE, EDUCACIÓN E NORMALIZACIÓN**

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

A) Grupo B.N.G:

Titular: D. Xusto Xosé Ordoñez Figueira.- Suplente: D<sup>a</sup> Hadriana Ordoñez Otero

B) Grupo P.P.:

Titular: D<sup>a</sup> María Jesús Galbán Teijeiro.- Suplente: D<sup>a</sup> Elisa Bouzas Vicente.

C) Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D. Francisco Javier García Ares.- Suplente: D<sup>a</sup> Beatriz Lafuente Pimentel.

D) Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martinez.

#### **COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA E PARTICIPACIÓN VECIÑAL**

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

A) Grupo B.N.G:

Titular: D. Tobías Betanzos Rego.- Suplente: D<sup>a</sup> Adelina Ces Quintáns.

B) Grupo P.P.:

Titular: D. José Norberto Uzal Tresandí.- Suplente: D<sup>a</sup> Celsa María Miguens Pérez.

C) Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D<sup>a</sup> María Demelsa Iglesias Collazo.- Suplente: D<sup>a</sup> María del Carmen Figueira Ares.

D) Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Juan Antonio Losada Martinez.- Suplente: D. Antonio Castro Castro

#### **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, AREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS – SERVIZOS MUNICIPAIS.**

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

A) Grupo B.N.G:

Titular: D. Tobías Betanzos Rego.- Suplente: D<sup>a</sup> Raquel Garcia Abuin.

B) Grupo P.P.:

Titular: D<sup>a</sup> María Vanesa Martinez Duran.- Suplente: D<sup>a</sup> Elisa Bouzas Vicente.

C) Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D<sup>a</sup> María Carmen Figueira Ares.- Suplente: D. Francisco Javier García Ares.

D) Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martinez.

#### **COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS**

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

A) Grupo B.N.G:

Titular: D. Tobías Betanzas Rego.- Suplente: D<sup>a</sup> Raquel García Abuin.

B) Grupo P.P.:

Titular: D. José Norberto Uzal Tresandía.- Suplente: D<sup>a</sup> María Vanesa Martinez Duran.

C) Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D<sup>a</sup> María Demelsa Iglesias Collazo.- Suplente: D<sup>a</sup> Beatriz Lafuente Pimentel

D) Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Juan Antonio Losada Martinez.- Suplente: D. Antonio Castro Castro.

#### **COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

Presidente: D. Adolfo Muíños Sánchez

Vogais:

A) Grupo B.N.G:

Titular: D. Xusto Xosé Ordoñez Figueira.- Suplente: D<sup>a</sup> Adelina Ces Quintáns.

B) Grupo P.P.:

Titular: D. José Norberto Uzal Tresandí. .- Suplente: D<sup>a</sup>. Celsa María Miguens Pérez

C) Grupo PSdeG-PSOE:

Titular: D<sup>a</sup> María del Carmen Figueira Ares.- Suplente: D. Francisco Javier García Ares.

D) Grupo SON- Rianxo en Común:

Titular: D. Antonio Castro Castro.- Suplente: D. Juan Antonio Losada Martinez>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

### **3.B.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA 2014, CONTRARIAS A REPARO.**

O Sr. Alcalde da conta das Resolucións de Alcaldía 2014 contrarias a reparo aos membros do pleno corporativo.

#### **<<INFORME DE INTERVENCIÓN**

**Asunto: Informes de Intervención do exercicio 2014**

#### **1. LEXISLACIÓN APLICABLE**

- *Artigo 218 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL)*
- *Resolución do 10 de xullo de 2015, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno do 30 de xuño de 2015, polo que se aproba a Instrución que regula a remisión telemática de información sobre acordos e resolucións das entidades locais contrarios a reparos formulados polos interventores locais e anomalías detectadas en materia de ingresos, así como sobre acordos adoptados con omisión do trámite de fiscalización previa*

#### **2. INFORME**

O artigo 218 TRLFL establece o seguinte:

*“1. O órgano interventor elevará un informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo presidente da entidade local contrarias aos reparos efectuados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. O dito informe atenderá unicamente a aspectos e cometidos propios do exercicio da función fiscalizadora, sen incluír cuestións de oportunidade ou conveniencia das actuacións que fiscalice.*

*O contido neste apartado constituirá un punto independente na orde do día da correspondente sesión plenaria.*

*O presidente da corporación poderá presentar no Pleno un informe xustificativo da súa actuación.*

*2. Sen prexuízo do anterior, cando existan discrepancias, o presidente da entidade local poderá elevar a súa resolución ao órgano de control competente por razón da materia da Administración que teña atribuída a tutela financeira.”*

En relación á recopilación da información requirida, quero indicar que a miña toma de posesión como interventora deste concello data do mes de abril de 2014 e que non existe unha relación numerada dos informes desfavorables de Intervención. A información que se relaciona é da que teño coñecemento, polo que de detectar a existencia doutros informes de reparo con resolución que aprobe continuar coa tramitación do expediente e que non figure na seguinte lista, sería posteriormente obxecto dunha nova relación para darlle conta ao Pleno, tal e como establece o artigo 218.1 TRLFL.

As relacións de expedientes que se indican a continuación remitíronse telematicamente ao Tribunal de Contas o 15/10/2015.

**RELACIÓN DE REPAROS DA INTERVENCIÓN**

Nº	Número de Expediente	Data del reparo	Data do acordo	Importe	Órgano xestor do gasto reparado	Fase del gasto reparada	Especificar Fase del gasto reparado	Órgano que resolve a discrepancia	Causa del reparo	Modalidad de Gasto	Tipo de Expediente	Especificar Tipo de Expediente
1	Orde de transferencia 18/02/2014	18/02/14	18/02/14	3.530,00	Presidente	Orden de pago		Presidente	Outros motivos			
2	ADO 1/2014	21/02/14	21/02/14	20.000,11	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
3	Horas extraordinarias (nómina febreiro)	24/02/14	24/02/14	746,04	Xunta de Gobierno Local	Compromiso		Presidente	Outros motivos	Gastos de persoal	Gratificacións	
4	Horas extraordinarias (nómina marzo)	21/03/14	26/03/14	648,72	Xunta de Gobierno Local	Compromiso		Presidente	Outros motivos	Gastos de persoal	Gratificacións	
5	Contratación de persoal (limpeza de praias)	13/05/14	13/05/14	0,00	Presidente	Compromiso		Presidente	Outros motivos	Gastos de persoal	Contratación de persoal	
6	ADO 12/2014	09/06/14	09/06/14	7.371,90	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
7	Retribucións de comisión de servizos Policía	13/06/14	13/06/14	0,00	Xunta de Gobierno Local	Outras	O reparo realizase antes de iniciar a execución do gasto, ao detectar a omisión da fiscalización previa	Presidente	Ausencia da fiscalización dos actos que deron orixe ás ordes de pagamento	Gastos de persoal	Outros	Retribucións derivadas dun convenio para o reforzo da Policía Local doutro Concello mediante unha comisión de servizos
8	ADO 15/2014	16/06/14	16/06/14	180,00	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Outros motivos			
9	ADO 14/2014	20/06/14	20/06/14	121.735,45	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
10	ADO 16/2014	20/06/14	20/06/14	33.042,58	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
11	Contrato de servizos de campamento de verán	25/06/14	25/06/14	20.140,00	Presidente	Compromiso		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais	Expedientes de contratación	Contrato de servizos	
12	Contratación de persoal (extinción de incendios)	07/07/14	08/07/14	0,00	Xunta de Gobierno Local	Autorización		Presidente	Outros motivos	Gastos de persoal	Contratación de persoal	
13	T/2014/42 e 43	14/07/14	14/07/14	40.783,77	Presidente	Orden de pago		Presidente	Outros motivos			
14	ADO 25/2014	31/07/14	31/07/14	25,05	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
15	ADO 26	06/08/14	01/10/14	359,12	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
16	Bases de execución do orzamento 2014	13/08/14	28/08/14	0,00	Pleno	Outras	A aprobación do orzamento non supón ningunha fase de execución do gasto	Pleno	Outros motivos	Gastos de persoal	Indemnizacións por razón do servizo	
17	Productividade (nómina setembro)	25/09/14	25/09/14	29.648,32	Xunta de Gobierno Local	Compromiso		Presidente	Outros motivos	Gastos de persoal	Productividade	

18	ADO 33/2014	29/09/14	13/10/14	3.149,69	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
19	T/2014/61	02/10/14	02/10/14	51.757,99	Presidente	Orden de pago		Presidente	Outros motivos			
20	Recoñecemento extraxudicial 3/2014	15/10/14	16/10/14	75.855,32	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito			
21	Recoñecemento extraxudicial 4/2014	17/10/14	17/10/14	116.721,78	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito			
22	Recoñecemento extraxudicial 5/2014	23/10/14	23/10/14	479,32	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
23	ADO 35/2014	27/10/14	27/10/14	3.065,33	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
24	Act Servizos Sociais I/2014	28/10/14	28/10/14	328,51	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Outros motivos	Determinad os procedeme ntos de execución do orçamento de gasto	Anticipos de caixa fixa	
25	ADO 42/2014	10/11/14	10/11/14	1.297,74	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
26	Px Entroido	10/11/14	26/11/14	360,00	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Outros motivos	Determinad os procedeme ntos de execución do orçamento de gasto	Pagos a xustificar	
27	ADO 43/2014	11/11/14	11/11/14	8.273,48	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
28	ADO 50/2014	25/11/14	18/12/14	19.467,95	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Outros motivos			
29	Nómina de novembro	27/11/14	27/11/14	71.883,66	Presidente	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Outros motivos	Gastos de persoal	Retribucións básicas	
30	ADO 51/2014	02/12/14	02/12/14	7502,00	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito	Expediente s de contratación	Contrato de obras	
31	ADO 55/2014	04/12/14	05/12/14	9.650,15	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
32	ADO 56/2014	04/12/14	09/12/14	6.975,39	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
33	Retribucións de comisión de servizos Policía II	15/12/14	16/12/14	866,98	Xunta de Goberno Local	Compromiso		Presidente	Ausencia da fiscalización dos actos que deron orixe ás ordes de pagamento	Gastos de persoal	Outros	Retribucións derivadas dunha comisión de servizo para reforzo da Policía Local noutro Concello
34	Recoñecemento extraxudicial 7/2014	18/12/14	18/12/14	19.467,95	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito			
35	Recoñecemento extraxudicial 6/2014	22/12/14	29/12/14	13.452,28	Pleno	Recoñecemen to de obrigas		Pleno	Insuficiencia de crédito			
36	Recoñecemento extraxudicial 8/2014	29/12/14	29/12/14	3.430,46	Pleno	Recoñecemen to de obrigas		Pleno	Insuficiencia de crédito			
37	ADO 68	30/12/14	30/12/14	11.859,85	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito			
38	ADO 69/2014	30/12/14	30/12/14	16.204,31	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito			
39	ADO 71/2014	30/12/14	30/12/14	20.814,97	Xunta de Goberno Local	Recoñecemen to de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites			

									esenciais			
40	ADO 72/2014	30/12/14	30/12/14	522,88	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais			
41	ADO 73/2014	30/12/14	30/12/14	807,23	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito			
42	ADO 74/2014	30/12/14	30/12/14	13.934,88	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Outros motivos			
43	Recoñecemento extraxudicial 9/2014	30/12/14	30/12/14	300,00	Xunta de Gobierno Local	Recoñecemento de obrigas		Presidente	Insuficiencia de crédito			

## RELACIÓN DE EXPEDIENTES SEN FISCALIZACIÓN PREVIA

Entidade que formaliza el reparo	Exercicio	Número de Expediente	Data do acordo ou resolución	Órgano xestor del gasto reparado	Causa del reparo
Concello de Rianxo	2014	Convenio CS reforzo Policia Local	10/04/2014	Xunta de Gobierno Local	Ausencia de fiscalización dos actos que deron orixe ás ordes de pagamento
<b>Modalidade de gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>		
Gastos derivados doutros procedementos	Convenios de colaboración	1.450,86	"132.12010 132.14310 231.16000 231.16001"		
Concello de Rianxo	2014	Convenio CS reforzo Policia Local II	15/09/2015	Xunta de Gobierno Local	Ausencia de fiscalización dos actos que deron orixe ás ordes de pagamento
<b>Modalidade de gasto</b>	<b>Tipo de Expediente</b>	<b>Importe</b>	<b>Aplicación orzamentaria</b>		
Gastos derivados doutros procedementos	Convenios de colaboración	600,00	"132.12010 132.14310 231.16000 231.16001"		

## ANOMALÍAS EN MATERIA DE INGRESOS

Número de Expediente	Recurso afectado	Tipo de ingreso	Clasificación económica del ingreso	Fase de ejecución de ingresos	Trámite o acto no que se produce la anomalia	Importe	Año de devindicación
DII ICIO	Non	Impostos locais	29000	Anulación	Devolución de ingresos	5.823,22	2008
OF Ibi	Non	Impostos locais	11200/11300	Recoñecemento de dereitos (modificación de Ordenanza)	Outras causas	5.828,85	2015

Este é o meu informe, do que doulle traslado á Alcaldía para a súa elevación ao Pleno.>>

O Pleno da Corporación **DÁSE POR ENTERADO.-**

### **4.- TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 35/2015.**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:



<<

<b>Tipo de modificación de crédito</b>	<b>Transferencia de crédito</b>
<b>Nº expediente</b>	<b>35/2015</b>
<b>Obxecto da transferencia de crédito</b>	<b>Incremento dos saldos de crédito dispoñibles de diversas áreas</b>
<b>Aplicacións orzamentarias afectadas</b>	<input type="checkbox"/> <b>Gastos de persoal</b> <input type="checkbox"/> <b>Da mesma área de gasto. Área de gasto afectada:</b> <input checked="" type="checkbox"/> <b>De diferente área de gasto. Áreas de gasto afectadas: 0, 1, 2</b>

Do estado de execución do orzamento resulta que hai diferentes niveis de vinculación que se estiman excedentarios:

#### 1) Xuros da débeda

O 21/10/2015 a Intervención Municipal emite un informe relativo ao destino do remanente de crédito estimado da carga financeira, chegando ás seguintes conclusións:

#### “4. CONCLUSIÓN S

Á vista do exposto, esta Intervención conclúe que:

- ✗ *Da totalidade do aforro de xuros, só poderán dispoñerse para financiar gastos noutras áreas un importe máximo de 39.789,66 €, que é o resultado de minorar o remanente de crédito estimado en 2015 polo aforro derivado da operación de refinanciamento do primer préstamo do Plan de Axuste formalizado o 06/07/2015.*
- ✗ *Considérase que non se deben reducir as aplicacións da carga financeira polo importe máximo en atención a posibles continxencias, tendo en conta a prioridade absoluta do pagamento deste tipo de gastos, de acordo co art. 135.3 CE e 14 LOEOSF:*

135.3 CE: “(...) Os créditos para satifaceren os xuros e o capital da débeda pública das Administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos seus orzamentos e o seu pagamento gozará de prioridade absoluta. (...)”

Art. 14 LOEOSF: “(...) O pagamento dos xuros e o capital da débeda pública das Administracións Públicas gozará de prioridade absoluta fronte a calquera outro gasto”.

*Este é o meu informe, sen prexuízo doutra opinión superior en dereito”*

De acordo co dito informe, propónse a seguinte redución:

<b>Aplicación orzamentaria que reduce</b>	<b>Proxecto</b>	<b>Redución</b>
011.31000		39.789,66
011.91300		1.210,34
<b>Total</b>		<b>41.000,00</b>

#### 2) Aplicación orzamentaria relativa ao material de obra de obradoiros de emprego

A aplicación orzamentaria de material de obra destinada a obradoiros de emprego ten un saldo de crédito dispoñible de 20.736,90, polo que poden reducirse 20.000 €, sen perturbación dos servizos correspondentes.

<b>Pro.</b>	<b>Eco.</b>	<b>Créditos Iniciais</b>	<b>Créditos Totales consignados</b>	<b>de Créditos disponibles</b>	<b>de Créditos disp. a nivel de Vinculación</b>
241	22114	45.810,23	36.435,41	20.736,90	23.665,10

Aínda que todas as áreas de gasto teñen o crédito moi axustado a máis afectada é a relativa aos servizos municipais básicos (área de gasto 1), que será a que se incremente a través desta modificación orzamentaria. A asignación de crédito á aplicación orzamentaria 165.22100, relativa ao alumeado público, radica na intención do Goberno de utilizar o crédito destinado a esta finalidade para axilizar a tramitación das facturas máis antigas, repoñéndose posteriormente o crédito á dita aplicación, co fin de mellorar o período medio de pagamento e afectar no menos posible á liquidez do pequeno e mediano comercio.

A Intervención Municipal emitiu informe favorable o 21/10/2015

**Esta Alcaldía PROPÓN AO PLENO A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro:** Aprobar inicialmente o expediente de transferencia de crédito que presenta o seguinte detalle:

Aplicación orzamentaria que reduce	Proxecto	Redución
011.31000		39.789,66
011.91300		1.210,34
241.22114		20.000,00
<b>Total</b>		<b>61.000,00</b>

Aplicación orzamentaria que incrementa	Proxecto	Incremento
130.21400		5.000,00
135.21400		5.000,00
151.22706		4.000,00
161.22100		1.300,00
1621.20900		3.300,00
165.22100		42.400,00
<b>Total</b>		<b>61.000,00</b>

**Segundo:** Expoñer ao público o expediente de transferencia de crédito 35/2015 mediante un anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto nos artigos 169 e 177.2 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, polo prazo de quince días hábiles, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

**Terceiro:** No suposto de non presentarse reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

**Cuarto:** Dar conta deste acordo á Intervención Municipal.>>

O alcalde pasa a palabra ao concelleiro de Economía e Facenda, Tobías Betanzos Rego, dí que a transferencia de crédito está motivada por que hai unhas partidas que son excedentarias e outras que son deficitarias, polo que se propón facer a transferencia de crédito que se trae aquí. O obxectivo desta transferencia é atender ás facturas que o Concello ten pendentes de pago ou as que poidan xurdir. Como xa se viu na Comisión de Facenda o excedente de crédito prodúcese en dous apartados, un no de carga financeira que hai un excedente do que se prevé que vai ser o gasto. Os servizos técnicos son os que indican o que se debe priorizar.

1. Na carga financeira hai un exceso de previsión de case 40.000 euros. Os servizos de intervención recomentan deixar 10.000 euros por prudencia e propón adicar 30.000 euros, destes a maioría corresponde a xuros e unha parte pequena pendente de capital.
2. Obradoiro de emprego organizado pola mancomunidade corresponde as actuacións nos accesos do Pazo. O exceso é arredor de 20.000 euros. Hai un exceso de 40.000 euros que se propón se transfiran a outras partidas para gasto comercial.

Indica que hai un excedente de case 40.000 € e os servizos de intervención recomentan que se utilicen 30.000 € para transferencia de crédito, Deixando o resto da cantidade para os posibles gastos que poideran xurdir. A maioría corresponde a xuros e unha minoría ao capital. As partidas ás que se vai transferir a gasto comercial e atención de facturas. Dí que a transferencia que se propón é das partidas nas que hai aforro para as que están infradotadas, atendendo sobre todo as facturas.

A partida de alumeado pode utilizarse para atender a outras partidas e logo repoñelo crédito para o alumeado.

Propónse a transferencia de crédito de aforro de gasto financeiro e de Obradoiro de emprego a gasto comercial

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, E FACENDA, PARTICIPACIÓN VECIÑAL, do día 26/10/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, amosa conformidade de acordo co informe dos técnicos e anuncian o voto a favor do seu grupo.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, entendemos que é unha practica habitual e a estas alturas chama a atención que sexa a nº 35, no momento da elaboración do orzamento as partidas deben axustarse mellor para evitar esto, pero o s eu grupo vai votar a favor.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que votan a favor, aínda que pon de manifesto que a partida de alumeado está infradotada.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, amosa conformidade coa proposta.

O alcalde engade que sería o ideal que todas as partidas estaban suficientemente dotadas non so para non facer o nº 35, senón para non facer ningunha transferencia. Dí que espera que sexa un dos últimos e que no vindeiro orzamento poida correxirse e dotar a cada partida do orzamento necesario.

Sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación polo tanto maioría absoluta., **resulta APROBADA nos termos desta.-**

### **5.- SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO DO SALDO DEBEDOR DA LIQUIDACIÓN DEFINITIVA PIE 2013.**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez, da conta da Proposta que consta no expediente e que se transcribe a continuación:

<<O 07/08/2015 rexístrase no concello a notificación da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado de 2013, da que resulta un saldo debedor a favor da Administración do Estado de 61.931,77 €. A propia notificación establece que os saldos debedores reintegraranse nos termos do artigo 72 da Lei 36/2014, do 26 de decembro, dos Orzamentos Xerais do Estado para 2015 (LOXE), salvo que a entidade se acolla á disposición adicional décima do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro.

O réxime xeral de reintegro do saldo negativo da liquidación definitiva prevese no apartado 2 do artigo 72 LOXE:

*“Os saldos debedores que se puidesen derivar da liquidación á que se refire o apartado anterior, (...) reembolsaranse polas Entidades locais afectadas mediante unha compensación con cargo ás entregas a conta que, en concepto de participación nos tributos do Estado (...) se perciban con posterioridade á dita liquidación, nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 por cento dunha entrega mensual, salvo que, aplicando este criterio,*

se exceda o prazo sinalado, caso no que axustarase a frecuencia e a contía das retencións correspondentes ao obxecto de que non se produza a dita situación”.

A DA 7ª do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das Comunidades Autónomas e as Entidades Locais e outras de carácter económico prevé a posibilidade de fraccionar a liquidación definitiva da PIE de 2013 nun período de 10 anos.

Tendo en conta que a dita liquidación no caso do Concello de Rianxo é de -61.931,77 €, considérase conveniente que o concello se acolla ao dito réxime especial.

De acordo co apartado 2 da dita disposición adicional, a aplicación do dito réxime excepcional require o cumprimento dos seguintes requisitos:

- Presentación da solicitude por parte da entidade local.
- A solicitude deberá ser **aprobada polo Pleno** da corporación local.
- Dita solicitude deberá presentarse a través de medios telemáticos e con sinatura electrónica da interventora municipal **antes do 1 de novembro**. No caso de non presentarse a solicitude no prazo sinalado, aplicaranse os reintegros consonte ao réxime xeral establecido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, regularizando con cargo á entrega a conta do mes de novembro os reintegros que se deberían ter aplicado na entrega correspondente ao mes de outubro.
- A aplicación efectiva da excepción do prazo de reintegro iniciárase na entrega a conta do mes de xaneiro de 2016.
- A ampliación solicitada concederáse ás entidades que cumpran os seguintes requisitos (Apartado 3 da disposición adicional décima):
  - Ter presentado a liquidación do orzamento correspondente ao exercicio inmediato anterior a aquel no que se calcule a liquidación definitiva de 2013, é dicir, a liquidación do exercicio 2014.
  - Prevexan cumprir a 31 de decembro de 2015 co obxectivo de estabilidade orzamentaria e co límite de débeda pública establecido nos artigos 51 e 53 do Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (75 %). En canto á dita previsión, terase en conta a información correspondente ao terceiro trimestre de execución do orzamento de 2015.
  - Período medio de pago non supere en máis de 30 días o prazo máximo establecido na normativa de morosidade (publicación no mes de outubro de 2015).

O 22/10/2015 a Intervención emitiu un informe coas seguintes conclusións:

#### **“4. CONCLUSIÓNS**

*Visto o exposto, conclúese que o Concello de Rianxo reúne os requisitos previstos na DA 10ª do RD-lei 17/2014, do 26 de decembro para solicitar o fraccionamento do reintegro do saldo debedor da liquidación definitiva de 2013 nun período de 10 anos. Por outra parte, esta medida considérase coherente coa situación económico-financiera do Concello de Rianxo.”*

A competencia para aprobar a solicitude de fraccionamento é o Pleno por maioría simple, de acordo coa DA 10ª do Real Decreto-lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das Comunidades Autónomas e as Entidades Locais e outras de carácter económico.

#### **PROPOÑO AO PLENO**

**Primeiro.-** Solicitar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a aplicación da excepción ao Concello de Rianxo do réxime de reintegro do saldo debedor derivado da liquidación definitiva do exercicio 2013 aplicable con carácter xeral e contido na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015, e que tal reintegro se fraccione nun período de 10 anos.

**Segundo.-** Que pola intervención municipal se presente telematicamente a dita solicitude a través da aplicación de captura habilitada polo Ministerio de Facenda.>>

O concelleiro Tobías Betanzos Rego comeza explicando que a proposta refírese a que a participación do PIE e a correspondente do Concello nos tributos do estado, fanse unhas previsións anuais e o Estado vai aportando ao Concello a cantidade correspondente en

función de esas previsións. Ao mesmo tempo o Estado vai aportando en función das súas propias previsións e de acordo cuns parámetros.

No 2013 houbo un desaxuste de 61.000,00 € a favor do Estado, debedor para o Concello . Indica que o desaxuste é pequeno un 2%, que hai que devolver ao Estado, e tería que facerse a partir do 2016, minorando as súas achegas nun 25% ata chegar á cantidade que se debe.

Polo tanto segundo os técnicos propoñen que se fraccione en 10 anualidades, podéndose facer porque a situación financeira do concello é mellor e cumprense con unha serie de requisitos:

- Presentado a liquidación orzamentaria do ano anterior ao que se calcule a liquidación definitiva do 2013.
- cumprir a 31 de decembro o obxectivo de estabilidade orzamentaria.
- Período medio de pago que non supere en 30 días .

A situación económica ten que mellorar pero cumprense os requisitos que permiten esta solicitude.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA, do día 26/09/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, engade que o seu grupo apoia a proposta se os técnicos pensan que debe presentarse.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares**, dí que o seu grupo vai apoiar a proposta se se cumpren as condicións para solicitar fraccionamento.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que apoian a proposta, engadindo que foi o PP o que aprobou esta posibilidade de poder devolver en 10 anos e tendo en conta a situación económica que ten o Concello neste momento entenden que lle ven ven aprobar este fraccionamento.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, amosa conformidade do seu grupo coa proposta. Engade que o Estado tamén erra nos seus presupostos e tamén ten desaxustes, que nos os teñamos tamén é normal.

Polo Sr. Alcalde aclárase que este non e un crédito que pedira o Concello, senón que houbo unha previsión de ingresos que nos veu sinalada polo Estado e que se procede solicitar a devolución deste 61.000,00 € sen custes, sen intereses e que se devolverán en 10 anos a razón de 6.000 por ano. Dí que pode volver a pasar outra situación semellante ou que o Estado ingrese menos do que nos corresponde e teña que facer a corrección o propio Estado.

Sométese a Proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN** sendo **APROBADA** por unanimidade dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación polo tanto maioría absoluta., **resulta APROBADA nos termos desta.-**

## **6.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 17 REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO MUNICIPAL CON MESAS, CADEIRAS, TRIBUNAS, TABOADOS E OUTROS ELEMENTOS ANÁLOGOS CON FINALIDADE LUCRATIVA.**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía, que consta no expediente, que se transcribe a continuación:

<<A modificación que a continuación se propón ten por finalidade simplificar e solventar determinados aspectos que dificultan a xestión tributaria da taxa, adecuar a normativa fiscal á ordenanza municipal reguladora de terrazas, así como regular determinados aspectos non previstos na normativa municipal actualmente vixente.

Nesa liña, o primeiro dos eixos de cambio, refírese á xestión, manténdose o sistema de padrón, pero anual, en lugar de trimestral. Respecto das altas, mantense a obrigatoriedade do depósito previo da taxa, mediante autoliquidación, debendo achegarse o xustificante do ingreso á solicitude da autorización, nos termos que establece a Ordenanza municipal de terrazas. Establécese tamén o réxime das declaracións no caso de baixa.

Respecto da cuota, os metros cadrados continúan a ser o elemento definitorio da cuota, se ben, por disposición da ordenanza municipal mentada, aplica a ocupación teórica que define aquela, que pasa de 3,2 m<sup>2</sup> a 2,24 m<sup>2</sup> para unha mesa e catro cadeiras, segundo modificación proposta para a sesión plenaria de 29 de outubro de 2015. Deste xeito, liquidarase en función do número e do tipo de mesas e cadeiras, da súa ubicación e do período de ocupación. Regúlase tamén o carácter non rateable das cuotas.

Regúlase expresamente a ocupación que vulnera a resolución de autorización da instalación de terrazas, por exceso, e as consecuencias da mesma, en termos fiscais.

Polo tanto, proponse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro:** Dar nova redacción á ordenanza fiscal número 17 reguladora da taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos con finalidade lucrativa, que quedará redactada da seguinte forma:

*“No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o Concello de Rianxo establece a taxa pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local constituídos pola ocupación de terreos de uso público con mesas e cadeiras con finalidade lucrativa, a que se refire o artigo 20.3.l) do citado Texto refundido, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.*

#### *Artigo 1. Feito imponible*

*Constitúe o feito imponible desta taxa á utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal que se deriva da realización de ocupacións de terreos de uso público local con mesas e cadeiras e outros elementos análogos.*

#### *Artigo 2. Suxeitos pasivos*

*Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a cuxo*

favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se aínda non se concedera a oportuna autorización.

### Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

### Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

### Artigo 5. Base impoñible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, e todo en función do número de mesas e cadeiras, da categoría da vía pública onde se sitúen e do período en que se instalen.

### Artigo 6. Cota tributaria

1. A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a resultante da aplicación ás tarifas contidas no presente artigo, o correspondente coeficiente fixado no punto 3 do mesmo, e, excepcionalmente, no artigo 7.

2. A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

a.1. Ocupación ordinaria de xaneiro a xullo e de outubro a decembro:

Descrición	Núcleo urbano de Rianxo	Núcleo urbano de Taragoña	Núcleo urbano de Asados	Resto do municipio
Unha mesa e catro cadeiras (2,24 m <sup>2</sup> )	16,51 €/trimestre	15,08 €/trimestre	14,13 €/trimestre	14,13 €/trimestre
Unha mesa e dous cadeiras (1,6 m <sup>2</sup> )	11,79 €/trimestre	10,77 €/trimestre	10,10€/trimestre	9,44 €/trimestre
Unha mesas e 4 banquetas (1,44 m <sup>2</sup> )	10,61 €/trimestre	9,69 €/trimestre	9,08 €/trimestre	8,50 €/trimestre

a.2. Ocupación ordinaria de xullo a setembro:

Descrición	Núcleo urbano de Rianxo	Núcleo urbano de Taragoña	Núcleo urbano de Asados	Resto do municipio
Unha mesa e catro cadeiras (2,24 m <sup>2</sup> )	27,51 €/trimestre	25,13 €/trimestre	23,56 €/trimestre	22,00 €/trimestre
Unha mesa e dous cadeiras (1,6 m <sup>2</sup> )	19,65 €/trimestre	17,95 €/trimestre	16,83 €/trimestre	15,71 €/trimestre
Unha mesas e 4 banquetas (1,44 m <sup>2</sup> )	17,68 €/trimestre	16,16 €/trimestre	15,15 €/trimestre	14,14 €/trimestre

b. Ocupación con pechamento estable:

Descrición	Núcleo urbano de Rianxo	Núcleo urbano de Taragoña	Núcleo urbano de Asados	Resto do municipio
Unha mesa e catro cadeiras (2,24 m <sup>2</sup> )	27,51 €/trimestre	25,13 €/trimestre	23,56 €/trimestre	22,00 €/trimestre
Unha mesa e dous cadeiras (1,6 m <sup>2</sup> )	19,65 €/trimestre	17,95 €/trimestre	16,83 €/trimestre	15,71 €/trimestre

Unha mesas e 4 banquetas (1,44 m <sup>2</sup> )	17,68 €/trimestre	16,16 €/trimestre	15,15 €/trimestre	14,14 €/trimestre
--	-------------------	-------------------	-------------------	-------------------

A superficie ocupada polos diferentes elementos é a establecida no artigo 18 da ordenanza reguladora de terrazas de Rianxo.

Asimilarase a unha mesa con 4 banquetas, calquera mobiliario ubicado en dominio público municipal, susceptible de prestar o mesmo servizo nas terrazas, como por exemplo barrís, bancadas, calefactores de terraza e todo aquel mobiliario que teña carácter complementario á terraza.

3. As cotas non son rateables nos supostos de baixa.

Excepcionalmente, e previa comprobación municipal, poderase ratear a cota en atención á realización de obras na vía pública que impidan a ocupación da vía pública, sempre e cando as obras teñan unha duración superior a un mes. A solicitude de rateo realizarase con posterioridade ao ingreso en período voluntario da taxa anual.

#### Artigo 7. Período impositivo e devengo

O período impositivo coincidirá co ano natural. A taxa devengase o primeiro día do período impositivo, salvo nos casos de alta ao longo do período impositivo, en cuxo caso devéngase no momento da ocupación.

#### Artigo 8. Autoliquidacións e declaracións

1. Os suxeitos pasivos están obrigados a presentar as oportunas autoliquidacións coa alta e a efectuar o ingreso que terá a consideración de depósito previo. Nas autoliquidacións de alta deberán cumprimentar integramente o modelo normalizado indicando, en todo caso:

- o período de ocupación anual ou trimestral, especificando o trimestre natural correspondente, neste último suposto

- o número e clase de elementos da ocupación. En caso de que a autorización sexa anual, indicación expresa do número de elementos cuxa instalación se solicita, desglosado por trimestres, exista variación ou non.

- os restantes aspectos que estableza a Ordenanza Reguladora de Terrazas

2. Cando se presente unha solicitude de autorización de aumento do número de elementos instalados que supoña un incremento da cota tributaria, o suxeito pasivo estará obrigado a presentar a correspondente autoliquidación e a efectuar o ingreso en réxime de depósito previo.

Dito aumento deberá ser obxecto de autorización administrativa. No suposto de autorización do mesmo, esta xurdirá efectos no padrón do período impositivo inmediatamente posterior. No caso de que non se autorice a mesma, procederá a devolución do depósito previamente constituído.

3. Cando se presente unha minoración dos elementos instalados, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar unha declaración pola dita modificación, xurdindo efectos no padrón do período impositivo inmediatamente posterior, previa tramitación do expediente de modificación da autorización da ocupación.

4. Cando se produza un cambio de titularidade na licenza da actividade, non será preciso presentar solicitude de autorización da ocupación do dominio público, ao abeiro do artigo 26.1 da Ordenanza reguladora das terrazas do Concello de Rianxo, agás no caso de que se desexe modificar o número de elementos instalados, en cuio caso, será de aplicación o previsto nos apartados 2 ou 3 anteriores, segundo proceda.

5. A falta de presentación das solicitudes de autorización, de declaracións de modificación de ocupacións autorizadas, e do ingreso en réxime de depósito previo das autoliquidacións de alta ou de modificación, determinará que os aproveitamentos detectados se entendan realizados dende o



*inicio do período impositivo, sen prexuízo das sancións que pola falta de presentación das autoliquidacións se puideran impoñer.*

*6. Unha vez autorizada a ocupación se entenderá prorrogada mentres non se revogue polo Concello, ou se presente solicitude de baixa polo interesado.*

#### *Artigo 9. Xestión*

*1. A taxa xestionarase mediante padrón que, unha vez aprobado polo órgano competente, exporase ao público polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios deste Concello. En todo caso, publicaranse os anuncios de exposición no Boletín Oficial da Provincia.*

*2. As autoliquidacións de alta producirán a incorporación dos suxeitos pasivos ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas autoliquidacións.*

*3. As declaracións de baixa producirán efectos no padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen as citadas declaracións.*

*4. As autoliquidacións e declaracións de modificación producirán a incorporación ao padrón do período impositivo seguinte a aquel no que se efectúen.*

*5. En ningún caso, o inicio do procedemento de xestión ou o pago da cota implicará que se entendan como autorizadas polo Concello de Rianxo as distintas instalacións.*

*6. As cantidades esixibles con arranxo ás tarifas serán irreductibles polo período sinalado.*

#### *Disposición Final*

*A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno na súa sesión do día 23 de maio de 2013, e foi modificada polo Pleno na sesión do día----- de-----de 2015, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e surtindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”*

**Segundo.** Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

**Terceiro.** De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

**Carto.** O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e no BOP.>>

O concelleiro Tobías Betanzos Rego expón que vai facer unha presentación xenérica para todas as ordenanzas a preocupación do goberno municipal é non elevar a presión fiscal e na medida das posibilidades usar os instrumentos fiscais para fomentar a actividade económica (polígono industrial), facilitar aos veciños cumprir coas súas obrigas fiscais como por exemplo o fraccionamento, mellorar a súa xestión basicamente ata agora era Padróns trimestrais e agora son padróns anuais, mantendo a posibilidade de utilizar o espazo publico non obriga a unha utilización fixa ao longo do ano.

Indica que a intención do concello en canto á ordenanza das terrazas, é mellorar a súa xestión, basicamente no aspecto dos Padrón, xa que antes eran trimestrais e agora serán anuais, sen modificar a posibilidade que agora os hosteleiros teñen de utilización por trimestres, en función de utilización que soliciten. Dí que outra das variacións é que antes eran por m<sup>2</sup> e agora por número de mesas. Os servizos técnicos fixeron o estudo para que o cambio na medida non supón o cambio de prezo. Non varia o prezo soo varia a xestión. A xestión trimestral facilitaba o fraccionamento e agora poden facelo igual, xa que a ordenanza xenérica permite ese fraccionamento.

Os importes para o concello non son relevantes salvo casos moi puntuais. Os obxectivos son:

- Padrón anual.
- Non variar o prezo.
- Facilitar o pago mediante o fraccionamento.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA, do dia 26/10/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, comeza dicindo que estivemos comprobando e contrastando a proposta e así mantéñense os prezos. Dí que o seu grupo vai votar a favor da proposta xa que mellora a súa xestión. Indica que consultaron cuns hosteleiros de aquí e non sabían nada da modificación. Dí que sería conveniente facer partícipes aos hosteleiros antes de facer modificacións que lles afecten.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares**, di que si a medida mellora a xestión e non encarece o custe votan a favor da proposta.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, di que o seu grupo vai votar en contra posto que esta proposta presentase cunha marxe de tempo moi corto xa que esto merece un estudio máis detallado e incluso falar cos afectados, non entenden a presa nin porque se cambia a unidade de medida de m<sup>2</sup> a mesas si o que gravan é o dominio público e polo tanto mídese mellor nunha medida de superficie, por m<sup>2</sup>. Dí que temen que detrás desto está a presión fiscal porque agora mentres podían darse de baixa nun trimestre agora teñen que estar de alta todo o ano e os ingresos do concello problamente se incrementen e non é o mellor momento pola crise.

Indica que se debería falar primeiro cos afectados que son os que van a pagar os recibos e os que piden os permisos, hai que mellorar a xestión pero non así.

Píden que as ordenanzas das terrazas queden sobre a mesa para outra sesión e se abra un período de dialogo entre a hostalería de Rianxo e se tome a decisión mellor para que non cause dano e poida ter unha vocación de estabilidade, que ésta non vai ter.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, Dí que o seu grupo vai apoiar a proposta. Engade que é o mellor modo de xestionar polos servizos de Intervención e que non se falou con eles porque a modificación non lles afecta en nada, xa que non varia o prezo, xa que so teñen que solicitar a primeiros de ano as mesas que van a poñer.

O alcalde engade que o obxectivo desta Ordenanza non é recadar, que a ordenanza xeral que regula todo isto xa foi debatida e consensuada no anterior período e van a pagar o mesmo. Antes había esquecementos sistemáticos porque tiñan que volver a solicitar a ocupación nos primeiros 10 días e era un descontrol polos hostaleiros e tamé e para os servizos de recadación, xa que moitas veces non solicitaban a ocupación nin o cambio. Como xa vostede indicou aínda agora se estaban cobrando os recibos do ano anterior. Que moitas das veces os hostaleiros solicitaban tarde a ocupación e daba lugar a moitos erros.

Indica que van manter sobre a mesa as ordenanzas, e se nalgún momento se observa esa subida aínda que xa se fixeron os cálculos para manter o prezo dos recibos e non perxudicar aos hotaleiros, que viñeran pagando o mesmo que ata o de agora.

Dí que se nalgún momento se observara esa subida, a pesar de ter feitos os cálculos para que non houbera ningún movemento de tipo económico en contra do hostaleiro. Vanse manter as ordenanzas sobre a mesa ca posibilidade de que se nas vindeiras ordenanzas se vé realmente a subida para o hostaleiro e esa dificultade pese a todas as facilidades que se lle dan para fraccionamento de poder pagar en catro prazos, non habería problema en volver a calcular en m2.

No anterior mandato xa había padrón anual que é o máis habitual na maioría dos concellos.

Non se trae a este pleno as subidas de auga, nin vehículos porque neses padróns hai conxelación cero no censo anual, o equipo de goberno adoptou non subir estes impostos.

Dí que si se ve que se prexudica modificárase a ordenanza, non se fai con ánimo de recadar, senón de ordenar, xa que son espazos públicos e deben estar ben organizados.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), catro votos en contra (dos 4 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 17 membros presentes que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

## **7º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL NÚMERO 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía, que consta no expediente, que se transcribe a continuación:

<<O imposto sobre Bens Inmobles é un tributo local de carácter obrigatorio, cuxa regulación se atopa nos artigos 60 a 77 do real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nas ordenanzas fiscais aprobadas polas entidades locais, naqueles aspectos que o texto legal citado permite concreción ou desenvolvemento por cada corporación, en atención ao principio de autonomía local e dacordo coas potestades regulamentaria e tributaria propias dos entes territoriais.

O IBI é un imposto de xestión compartida, pois a Catastro correspóndelle a xestión catastral, na mentres que ás entidades locais a xestión de carácter tributario. A Ponencia de Valores do Municipio de Rianxo aprobouse no ano 2012, como resultado dun procedemento de valoración colectiva de carácter xeral, tras 23 anos de vixencia da ponencia anterior, debido ás diferencias substanciais entre os valores catastrais que recollía a mesma e os valores de mercado.

O artigo 72 do TRLFL establece, dunha banda, tipos de gravames mínimos e supletorios no caso de que as ordenanzas fiscais non concreten tipos diferentes, sendo do 0,4 por cento para os bens de natureza rústica, do 0,3 por cento para bens de natureza rústica e do 0,6 por cento para os bens inmobles de características especiais; asimismo, regula os tipos máximos que serán do 1,10 por cento, 0,90 por cento e do 1,3 por cento, respectivamente.

Con anterioridade á entrada en vigor da Ponencia de Valores, os tipos impositivos do IBI eran do 0,55 por cento para os inmobles de natureza urbana, do 0,40 por cento para inmobles de natureza rústica e do 1,30 por cento para inmobles de características especiais. A partir do 1 de xaneiro de 2013 os tipos regulados na ordenanza fiscal do IBI eleváronse quedando fixados nun 0,605 por cento tanto para bens inmobles de natureza rústica como para bens inmobles de natureza urbana, permanecendo inalterado o tipo dos BICES.

No exercizo 2014 e 2015, o artigo 8 da Lei 16/2013, de 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade medioambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, dispoñía literalmente o seguinte:

*“1. Con efectos para los períodos impositivos que se inicien en los años 2014 y 2015, los tipos de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles de los bienes inmuebles urbanos determinados con arreglo a lo dispuesto en el artículo 72 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, resultarán incrementados en los siguientes porcentajes:*

*a) El 10 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,6 por 100.*

*b) El 6 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2002 y 2004, no pudiendo resultar el tipo de gravamen mínimo y supletorio inferior al 0,5 por 100.*

*c) El 4 por 100 para los municipios que hayan sido objeto de un procedimiento de valoración colectiva de carácter general para bienes inmuebles urbanos como consecuencia de una ponencia de valores total aprobada entre 2009 y 2012.*

*Lo dispuesto en el presente apartado únicamente se aplicará en los siguientes términos:*

*– A los inmuebles de uso no residencial, en todo caso, incluidos los inmuebles gravados con tipos diferenciados a que se refiere el artículo 72.4 del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.*

*– A la totalidad de los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada con anterioridad al año 2002.*

*– A los inmuebles de uso residencial a los que les resulte de aplicación una ponencia de valores total aprobada en el año 2002 o en un año posterior, y que pertenezcan a la mitad con mayor valor catastral del conjunto de los inmuebles del municipio que tengan dicho uso.*

*2. En el supuesto de que el tipo aprobado por un municipio para 2014 o 2015 fuese inferior al aprobado para 2011, en el año en que esto ocurra se aplicará lo dispuesto en este artículo tomando como base el tipo aprobado para 2011. No obstante, cuando se trate de municipios en los que se haya aprobado una ponencia de valores total en el año 2012, se tomará como base el tipo aprobado para 2013 cuando fuera superior al aprobado para 2014 o 2015.”*

A medida anterior supuxo unha suba do tipo de gravame aplicable aos inmobles de natureza urbana de uso residencial cuxo valor catastral excedese da mediana, así coma en todos os inmobles de natureza urbana de uso non residencial, que ascendeu do 0,605 por cen ao 0,6292 por cen.

A evolución dos tipos de gravame dende o exercizo 2012 ata o 2015 foi a seguinte:

Ano/Natureza do ben inmueble	2012	2013	2014	2015
Urbana	0,55 por cento	0,605 por cento	0,605 < mediana 0,6292 > mediana	0,605 < mediana 0,6292 > mediana
Rústica	0,40 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento	0,605 por cento
BICES	1,30 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento	1,3 por cento

Para o exercizo 2016 non existe normativa estatal que prorrogue a previsión do referido artigo 8 da Lei 16/2013, polo que as entidades locais recuperan a posibilidade de modificar á baixa os tipos de gravame.

Sendo conscientes do aumento da presión fiscal respecto do IBI en particular, debido á minoración nun 10 anual do coeficiente reductor a aplicar sobre os valores catastrais resultantes da nova ponencia, e co fin de minorala, proponse unha modificación que, continuando coa senda iniciada neste exercizo 2015, mediante a regulación dunha bonificación por domiciliación do recibo e dunha bonificación pola carencia de determinados servizos mínimos obrigatorios, procura minorar a carga tributaria neste entorno de crise económica. Porén, o equipo de Goberno considera necesario realizar unha baixada nos tipos de gravame do IBI.

Procurase profundizar nas bonificacións introducidas no exercizo 2015, de forma que, respecto da regulación sustantiva da bonificación de ata o 10% por carecer de determinados servizos públicos, o prazo para a súa solicitude se prolonga ata o 31 de marzo, ou inmediato hábil posterior e redefínese o concepto de carencia de servizo de abastecemento de auga potable, aos efectos do IBI, posto que a distancia pasa de 100 metros a 50 metros.

Asimesmo, apróveitase para derrogar as Disposicións Finais primeira e segunda, e introdúcese unha nova Disposición Final.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro:** Derrogar as Disposicións Finais 1ª e 2ª, introducir unha nova disposición final e modificar o artigo 2º da ordenanza fiscal número 1 reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis, dacordo co seguinte tenor literal:

“artigo 2º

*a) Tipo de gravame do imposto sobre bens inmóbeis aplicable ós bens de natureza urbana queda fixado no 0,59 por cento.*

*b) Tipo de gravame do imposto sobre bens Inmóbeis aplicable ós bens de natureza rústica queda fixado no 0,59 por cento.*

*c) O tipo de gravame do Imposto sobre bens inmóbeis aplicable os bens inmóbeis de características especiais, definidos no artigo 2.7 da Lei 48/2.002, do 23 decembro, Lei do catastro inmobiliario, e sitios no termo municipal de Rianxo, queda fixado no 1,3 por cento.*

Artigo 5.

2.

*A porcentaxe de bonificación será:*

*a) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable e do servizo de saneamento: 10%.*

*b) Carencia do servizo municipal de abastecemento de auga potable ou do servizo de saneamento: 5%.*

*Para a aplicación desta bonificación considéranse áreas singularizadas pola súa vinculación con actividades primarias de carácter agrícola, gandeira ou forestal, as comprendidas dentro do ámbito das Ordenanzas 5 e 6 das vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Rianxo, así coma os bens inmóbeis incorporados ao Padrón de IBI rústica que con anterioridade á entrada en vigor da nova ponencia de valores se incorporaban como “diseminados” no Padrón de IBI urbana.*

*A carencia dos servizos de abastecemento de auga potable e/ou do servizo de saneamento será informada pola entidade xestora que avaliará se o inmovible respecto do cal se pretende a bonificación é beneficiario dos servizos referidos.*

*No caso de que se constate que o inmovible carece da conexión á rede municipal de abastecemento de auga potable, a entidade xestora do servizo verificará ademais si o mesmo está establecido na área do inmovible respectivo, entendéndose a efectos desta bonificación por “establecido” cando na vía pública á que teña fachada o inmovible exista rede de abastecemento de auga ou cando a distancia á rede fose inferior a 50 metros.*

*No caso de que o inmovible careza de conexión á rede municipal de sumidoiros, a entidade xestora verificará, asemade, o disposto no artigo 7.7 do Decreto 141/2012, de 21 de xuño, polo que se*

*aproba o Regulamento marco do Servizo Público de saneamento e depuración de Augas Residuais de Galicia, así coma o disposto no Regulamento Municipal de Verquidos de Rianxo.*

Artigo 5.

4.

*A solicitude de concesión desta bonificación presentarase polo rexistro xeral do Concello, mediante modelo oficial aprobado ao efecto asinado polo obrigado tributario, ata o 31 de marzo, ou inmediato hábil posterior, do exercicio en que se pretenda que xurda efectos, achegando a referencia catastral do inmovible.*

Disposición Final

*A presente Ordenanza aprobouse polo Pleno na súa sesión do día 7 de setembro de 2004, e foi modificada polo Pleno na sesión do día                    de 2015, entrando en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e surtindo efectos dende o 1 de xaneiro de 2016, ata que se acorde a súa modificación ou derogación.”*

**Segundo:** Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

**Terceiro:** De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada.

**Cuarto:** O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.>>

O concelleiro Tobías Betanzos Rego comeza a exposición dicindo que a modificación que se trae o que busca é manter o IBI e que o incremento sexa cero, tanto para o concello coma para os veciños, o calculo que fixeron os servizos técnicos son bastante complexos, pero o que se trae aquí é a proposta para que non suba.

Pola recente revisión catastral que tivo o concello recentemente os valores catastrais dos inmobles subiron nunha media do 10% o que significa que repercutido no coeficiente e unha subida para os veciños, polo que se propón corrixir o coeficiente para que a subida sexa cero.

Indica que o que se propón é fixar o coeficiente da ordenanza no 0,59% cando antes había 2 tipos o 0,605 e o,625%. Non se pode manter dous diferenciados e o que propoñen os técnicos despois de facer os estudos correspondentes, é o do 0,59% para que non suba a contribución que teñan que pagar os veciños, nin a recadación municipal.

Dí que este imposto afecta a todos os veciños e por eso está a preocupación do concello de non incrementar a contribución, a pesar de ser un imposto que afecta á economía do propio concello, xa que é o que aporta unha cantidade importante de recursos. O grupo de goberno incluso valorou a baixada do mesmo pero polos servizos técnicos indicaron que non era posible, polo que queren que se manteña e o incremento sexa cero.

Engade que tamén se fai unha modificación nas bonificacións referidas aos servizos básicos de saneamento e servizo de auga que prevé que poidan ser beneficiarios a máis de 100 m. de distancia do servizo. Propónse corrixir de maneira que sexan os propietarios que estean a máis de 50 m., é dicir reducir a distancia para un maior número de beneficiarios e mantéñense as demais bonificación.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA, do día 26/09/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

## DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que con tan complexo e entramado de termos técnicos, con dous días non lles da tempo a estudalo e que delegaron o criterio en técnicos da súa confianza e parece razoable votar a favor, pero non porque a nós nos dese tempo a estudalo. Dí que o seu grupo vai votar a favor.

Engade que xa ao longo deste pleno polo equipo de goberno vense dicindo que non van subir impostos que vai quedar todo a cero. Os servizos públicos mantéñense cos impostos. Non se trata de manter os impostos a cero, senón de ter o impostos xustos.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares**, dí que o seu grupo vai votar a favor.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo vai votar a favor pero que houbo falta de tempo para examinalo. É unha proposta na boa dirección e non teñen ningún reparo neste caso en recoñecelo, polo que van apoiar a proposta.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo vota a favor.

O alcalde di que comparte a reflexión do voceiro de Rianxo en Común, de que os impostos teñen que ser xustos. Dí que o equipo de goberno só queren manter na liña que se iniciou nalgún momento e están tratando de recuperar a posibilidade de nós establecer os nosos impostos, non que nos veñan marcadas as cantidades polo Estado. Non se puido rebaixar o coeficiente ata o 2012. De ahí que se tomaran medidas durante este último anos cas bonificacións aplicadas por ser xustas, sempre e cando se cumpran as condicións, e de cara a recuperar o concello o control destes impostos. Tamén se busca que haxa un nivel de ingresos suficientes para facer fronte aos gastos do concello.

Engade que esta rebaixa conleva ese camiño de equilibrio. Agradece a oposición o apoio amosado e non se deixe levar por un populismo de rebaixar impostos, que perxudicará inclusive ás corporacións próximas. A intención é seguir mantemento sempre este equilibrio e evitar unha subida excesiva os vindeiros anos. O obxectivo é obter uns ingresos estables para garantir unha estabilidade financeira. Agradece novamente a actitude dos concelleiros da oposición.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

## **8º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA NÚMERO 4 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS.**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muíños Sánchez da conta da proposta de Alcaldía, que consta no expediente, que se transcribe a continuación:

<<Continuando coas reformas introducidas no exercizo 2015, propóñense tres modificacións que inciden en medidas xa adoptadas na ordenanza reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Todas as propostas afectan ás bonificacións reguladas no artigo 7 da ordenanza fiscal do imposto. A primeira consiste na reducións de tramos e na elevación das porcentaxes de bonificación por razóns de interese público derivado da creación de emprego no polígono industrial de Rianxo, podendo obter unha bonificación de ata o 75% do imposto. A segunda modificación amplía o ámbito de bonificación nas rehabilitacións de vivendas no rural, pois se inclúe tamén inmobles no destinados a vivenda, coma hórreos, palleiras, etc, co fin de poñer en valor o rural do municipio. A terceira supón a introdución dunha bonificación do 90 % para construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo, sempre que non sexan de carácter obrigatorio de acordo co CTE ou normativa aplicable.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro:** Dar nova redacción ao artigo 7 da ordenanza fiscal número 4 reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, modificando o apartado 1, e introducindo un apartado 3, que quedará redactado da seguinte forma:

“Artigo 7. Bonificacións

#### **7.1. Construcións, instalacións e obras declaradas polo pleno de especial interese ou utilidade municipal**

1. As construcións, instalacións e obras enumeradas no apartado 3 deste artigo que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego gozarán dunha bonificación na cota do imposto.

2. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponderá ao pleno da Corporación, previa solicitude do suxeito pasivo, co voto favorable da maioría simple dos seus membros.

3. A bonificación da cuota será:

a) Dun 50% a favor das obras de rehabilitación de vivendas tradicionais ou de singular valor arquitectónico ubicadas en solo clasificado como rústico declaradas de especial interese ou utilidade municipal ou as ubicadas en núcleo rural declaradas de especial interese ou utilidade municipal, así como as edificacións tradicionais, sempre e cando o inmovible se destine a vivenda habitual durante un período mínimo de 5 anos dende o remate das obras

A efectos do disfrute desta bonificación, precisarase:

- solicitude do suxeito pasivo do imposto presentada polo rexistro xeral do Concello no momento de solicitar a licenza urbanística, en modelo normalizado que incluírá declaración responsable de que o inmovible se va a destinar a vivenda habitual durante un mínimo de 5 anos dende o remate da obra, achegando o proxecto técnico visado, se fora preciso

- resolución de concesión da licenza de obras ou urbanística

- informe do Departamento de Urbanismo no que se conclúa si o obxecto da obra que consta no expediente pode calificarse de rehabilitación, así como si se trata dunha vivenda ubicada en solo rural ou de núcleo rural, segundo a LOPMR de Galicia e a normativa urbanística municipal en vigor.

Unha vez emitido o dito informe favorable, a solicitude de declaración do especial interese ou utilidade municipal da obra, elevarase ao Pleno. Posteriormente, o órgano competente dictará resolución expresa relativa á concesión ou denegación da bonificación.



O suxeito pasivo quedará obrigado a comunicar ao departamento de Urbanismo do Concello o remate da obra, achegando certificado final de obra, se fora obrigatorio, ou presuposto de execución definitivo, no prazo máximo de 15 días.

O incumprimento sobrevido dalgún dos requisitos esixidos para o disfrute da bonificación, determinará a perda da mesma, e a práctica da correspondente liquidación pola diferenza, sen perxuízo do disposto no artigo 11.

b) De ata un 95 % para construcións, instalacións ou obras executadas no Parque Empresarial de Rianxo declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais e de fomento do emprego.

A porcentaxe de bonificación será a seguinte:

<i>Empresas de nova creación (non se considerarán fusións, absorcións nin cambios de denominacións comerciais) ou traslado de empresas dende outros termos municipais ata o Polígono Empresarial de Rianxo</i>	
<i>Creación de 1 a 4 traballadores</i>	<i>35%</i>
<i>Creación de 5 a 10 traballadores</i>	<i>50%</i>
<i>Creación de 11 a 25 traballadores</i>	<i>75%</i>
<i>Creación de mais 25 traballadores</i>	<i>95%</i>

A declaración de utilidade ou interese municipal corresponderá ao Pleno, e precisará de:

- solicitude previa do suxeito pasivo, mediante instancia en modelo normalizado, no intre de presentar a solicitude para a obtención da licenza de obras ou urbanística
- resolución de concesión da licenza de obras ou urbanística
- memoria xustificativa do interese ou utilidade municipal, na que constará a creación de novos postos de traballo, confeccionada polo suxeito pasivo

A bonificación, caso de cumprirse os requisitos mencionados, será concedida polo órgano competente, previa declaración da especial utilidade ou interese municipal, condicionada ao cumprimento dos seguintes requisitos durante a lo menos 3 anos, contados a partir da notificación da resolución de concesión da licenza de actividade:

- non ter causado baixa na actividade
- mantemento do nivel de emprego previsto na Memoria, xustificándose este aspecto cos TC1 e TC2 mensuais
- formalización de aval bancario que cubra a cuota bonificada do ICIO, en garantía do pago da bonificación, en caso de incumprimento sobrevido dos requisitos para o seu disfrute

(...)

### **7.3. Bonificacións para instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico**

1. As construcións, instalacións ou obras para a instalación de sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo gozarán dunha bonificación do 90%. Para a aplicación desta bonificación será necesario que os colectores obxecto da instalación dispoñan da correspondente homologación administrativa.

Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor da normativa específica na materia.

2. Esta bonificación alcanzará exclusivamente á parte da cota correspondente ás construcións, instalacións ou obras destinadas estritamente á fin indicada e en ningún caso se concederá se a construción, instalación ou obra que non esté amparada pola correspondente licenza ou presentación de declaración responsable ou comunicación previa.

3. Esta bonificación terá carácter rogado, debendo solicitarse coa presentación da comunicación previa, declaración responsable ou coa solicitude de licenza de obra, achegando copia do presuposto de obra que desglose as partidas referidas aos sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar razoadamente o custo que supón a parte da construción, instalación ou obra bonificable, identificación da licenza de obras ou orde de execución ou declaración responsable ou comunicación previa presentada que a ampara, así como calquera outra documentación que o interesado estime oportuna.

4. Este beneficio fiscal terá carácter provisional en tanto non se proceda á comprobación dos feitos e circunstancias que permitiran o seu disfrute e se aprobe a liquidación definitiva, se aprobe, se é o caso, a correspondente acta de comprobado e conforme ou transcorran os prazos para a súa comprobación.

### Disposición Final

Esta ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte á súa publicación definitiva no Boletín Oficial da Provincia”

**Segundo.** Someter dita ordenanza a información pública, nos termos previstos do artigo 17.1 do TRFL, dando audiencia aos interesados, mediante publicación no taboleiro de editos do Concello, no BOP e nun dos periódicos de maior tirada da provincia.

**Terceiro.** De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerárase definitivamente aprobada.

**Carto.** O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza fiscal, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e do BOP.>>

O concelleiro Tobías Betanzos Rego expón, que a proposta de modificación que se trae busca dalgunha maneira contribuir dende o concello e a política fiscal a dinamizar na medida do posible a actividade económica. Na ordenanza anterior estaban previstas unha serie de bonificacións en relación co ICIO, que fixa unha taxa do 2,5% do valor das construcións que se fan. Propoñense unhas bonificacións para aquelas construcións que o concello considera que poidan dinamizar a vida económica, polo tanto, serían sobre todo para as que se ubiquen no Polígono Industrial, que son as que crean emprego e movemento económico. Por elo propoñese incrementar a bonificación a estas construcións ou instalacións que se ubiquen alí. Esta ordenanza xa previa bonificacións para as construcións de valor arquitectónico singular, sitas no rural que son vivendas e propoñese estender esta bonificación a aquelas construcións que non son vivendas, obras de mellora en graneiras, en elementos que estean ao carón das vivendas. A bonificación é simbólica o que vai supoñer moi pouco, pero poñen en valor as referidas construcións. Os veciños liquidarán por esa construción sabendo que é bonificado polo valor que se lle dá. Outra bonificación é para aquelas instalacións que conleven aforro enerxético, construcións para sistemas ou obras de aproveitamento térmico ou eléctrico de enerxía solar para autoconsumo, sempre que non sexan obrigatorias por lei, ata un 90%. As bonificacións do polígono industrial amplíanse ata un 95% e a bonificación nas construcións accesorias equipáranse ás vivendas.

Engade que na comisión xa insitiu en que os servizos técnicos están a disposición de todos os concelleiros para toda clase de aclaracións.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA E FACENDA, do dia 26/09/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que aínda que están de acodo en gran parte do asunto, votan en contra polas bonificacións ás instalacións no parque empresarial, había que darlle unha volta por que cando alguén fala dunha instalación para 25 traballadores significa que hai capital detrás, senón que tamén un proxecto ben estudiado cunha probabilidade moi alta de ir adiante. No caso das microempresas non hai capital nin proxecto e moitas máis probabilidades de que saia mal, e sen embargo neste caso estaríase bonificando ás empresas de máis traballadores.

Indica que pensando neso, o seu grupo considera que hai que estudar a proposta para recadar dun xeito máis xusto.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, dí que o seu grupo vai votar a favor .

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que aínda que poidera ser necesario algún axuste, entenden que a finalidade é positiva no que atinxe ao polígono industrial xa que é algo moi necesario incentivar a creación de empresas e postos de traballo. Deberase comprobar que se cumpren os requisitos para acollerse ás bonificacións, pero é unha medida que vai na boa dirección. Polo tanto o seu grupo votará.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo vai votar a favor.

O alcalde dí que nalgún momento tamén reflexionaron o que manifestou o voceiro de Rianxo en Común, da posibilidade incluso de poñer unha bonificación para todos igual. Foros os propios servizos xurídicos os que dalgunha maneira obrigaron a facer unha pequena concreción no tocante os postos de traballo. Por outra banda, cando falamos dunha empresa de 25 traballadores, significa máis amplitude, mas ocupación de superficie e polo tanto de maior pago de IBI, incluso pode ser unha empresa o suficientemente potente para pagar incluso uns impostos especiais. De ahí que haxa un incentivo un pouco maior, xa que despois pagaría mas por outro lado. Indica que as empresas máis pequenas tamén se aumentaron as bonificacións, non estando recollidas aquí todas, coma a de accesibilidade. O grupo de goberno non quere que o ICIO sexa un imposto que castigue senón que incentive ás empresas. E as empresas máis grandes tamén xeran máis postos de traballo que as pequenas. Non se pode beneficiar co 95% a todas xa que non é factible. Dí que se algunha empresa se instalara no Polígono Industrial, devolvería ás arcas públicas o dobre do que se lle bonifica e sobre todo nun aspecto ao longo prazo. Polo que van manter esta proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 12 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 3 dos membros do grupo PP), dous votos en contra (dos 2 membros do grupo SON) e cero abstencións dos 17 membros presentes que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

## **9º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS TERRAZAS DO CONCELLO DE RIANXO.**

O Sr. Alcalde, D. Adolfo F. Muñíos Sánchez da conta da proposta de Alcaldía, que consta no expediente, que se transcribe a continuación:

<<Esta Alcaldía emítense solicita á Policía Local que emita informe respecto da ocupación do dominio público local con unha mesa e catro cadeiras, por considerarse que os metros cadrados consignados no artigo 18 da ordenanza municipal reguladora das terrazas dos Concellos de Rianxo, publicada no BOP número 104 de 30 de xullo de 2013, pode estar sobrestimada.

Recibido o antedito informe da Policía, obsérvase que no mesmo conclúese que “un módulo tipo constituído por unha mesa e catro cadeiras dunha terraza ocupa unha superficie de 2,24 metros cadrados”

Considerando que o artigo 18, letra b), parágrafo primeiro, da Ordenanza municipal reguladora de terrazas no Concello de Rianxo prevé o seguinte:

*“O módulo tipo está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 2,00 × 1,60 metros”*  
Visto que a superficie obrante no regulamento vixente excede da comprobada en mais dun 42 por cento, considérase necesario modificar a ordenanza reguladora das terrazas para a súa adecuación á realidade, con fin de subsanar a mentada discordancia.

Polo tanto, propónse á Comisión Informativa de Facenda, o ditame favorable da seguinte:

### **PROPOSTA DE ACORDO**

**Primeiro:** Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza municipal reguladora das terrazas do Concello de Rianxo, consistente na nova redacción ao artigo 18, letra b, da ordenanza municipal reguladora de terrazas no Concello de Rianxo, que quedará redactado da seguinte forma, e engadir unha Disposición Final:

“Artigo 18.b:

O módulo tipo está constituído por unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dúas a dúas. Considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada terraza de 1,80 × 1,245 metros.

Disposición Final

A presente modificación entrará en vigor ao día seguinte ao de publicación do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, sempre que transcorra o prazo de quince días hábiles previsto no artigo 65.2 da LRBRL.”

**Segundo.** Que a modificación se someta a información pública polo prazo de trinta días hábiles para a presentación de reclamacións e suxerencias, mediante a inserción do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

**Terceiro.** De non presentarse reclamacións no prazo de exposición pública, a modificación proposta considerarase definitivamente aprobada. No caso contrario, as reclamacións serán resoltas polo Pleno, que deberá pronunciarse sobre a súa aprobación definitiva.

**Carto.** O acordo de aprobación definitiva da modificación da ordenanza, tácito ou expreso, xunto co texto refundido íntegro da ordenanza, publicarase no taboleiro de editos do Concello e no BOP.>>

O concelleiro Tobías Betanzos Rego expón que a modificación que se propón pretende armonizar a ordenanza fiscal ca ordenanza reguladora da ocupación na equivalencia da superficie. Dí que os servizos técnicos ao facer a equivalencia de mesas a metros, observaron que a ordenanza municipal había que correxila, senón incrementábase o prezo,

de ahí que se propón que a superficie teórica ou real das mesas se modifique para evitar un incremento importante.

Indica que os servizos técnicos en todas as ordenanzas fixeron un importe estudio co obxectivo que o equipo de goberno ten, de non incrementar os prezos nin taxas. Dí que o que propón a ordenanza é modificar a equivalencia. Unha mesa de 4 cadeiras ocupaba 2x1,6 m., e si se aplicaba así, incrementaba o prezo. Proponse unha medida teórica de cada mesa de 1,8x1,245 m., para que o prezo final non se incremente. Dí que a unidade de mesa está amparada legalmente e por outra banda é unha unidade máis fácil de xestionar e de supervisar.

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE URBANISMO, AREA DE REHABILITACIÓN E OBRAS – SERVICIOS MUNICIPAIS, do día 26/09/2015, sendo este favorable.

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que o seu grupo vota a favor da proposta.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, dí que o seu grupo vota a favor da proposta.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que polo que xa indicaron anteriormente o seu grupo vai votar en contra. Indica que seguramente no período de exposición pública haberá alegacións posto que entenden que hai que falar cos hostaleiros para garantir que sexa unha norma neutra desde o punto de vista impositivo e non só pensar na xestión municipal senón tamén no sector da hostelería, xa que é un sector que non está atravesando un bo momento, por eso van a votar en contra.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo vai votar a favor .

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), tres votos en contra (dos 3 membros do grupo PP) e cero abstencións dos 17 membros presentes que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

### **10.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

**10.1.- MOCION DOS GRUPOS MUNICIPAIS PSOE , BNG E RIANXO EN COMÚN-SON: CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO EN PROL DA AMPLIACIÓN DA ACREDITACIÓN POR VIOLENCIA MACHISTA E DA CREACIÓN DO ESTATUTO DO FEMINICIDIO.**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG Adelina Ces Quintáns coa conformidade dos voceiros de PSOE (que achegaron cada un a respectiva proposta) e sumándose a esta mocións o grupo municipal RIANXO EN COMÚN-SON, xustifica a urxencia, ante o novo caso que acaba de ocorrer de violencia machista y para recordar o 25 de novembro que é o día da violencia machista. Acordan refundir as mocións presentadas sendo o texto que se recolle deseguido.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada por unanimidade dos 15 membros presente** dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

As voceiras dos grupos municipais PSOE e BNG, leen as súas mocións, sendo o texto final o que se recolle deseguido:

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O noso compromiso contra a violencia de xénero é permanente. Os gobernos deben comprometerse na loita contra a violencia de xénero cos presupostos adecuados, políticas de prevención e recursos suficientes para a protección das mulleres vítimas e dos seus fillos e fillas. Ante a gravidade do problema consideramos fundamental a inclusión do Feminicidio como forma de terror propia que sofren as mulleres e que serva de base para a elaboración dun Estatuto de vítima de Feminicidio. Doutra banda, a resposta fundamentalmente penal diante deste problema tense demostrado como insuficiente, polo que é preciso avanzar no apoio económico, psicolóxico e social así como na prevención. Corresponde á Administración local, por ser a institución máis próxima á veciñanza, converterse nunha referencia para o combate deste problema e presionar para que se avance no recoñecemento das realidades de violencia machista e na súa prevención.

É tempo de solucións. Unha sociedade decente esixe avanzar cara unha sociedade segura e libre de violencia de xénero tódolos días do ano, que garanta unha resposta efectiva ás mulleres que sofren violencia así como ós seus fillos e fillas xerando e ofrecendo os mecanismos necesarios para conseguilo.

Hai que dotar suficientemente as partidas orzamentarias, que nestes últimos anos de viron recortadas, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social de vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos. Recursos que tamén cremos necesario que aumenten nos servizos máis próximos polo que é importante crear un fondo de apoio ós concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desenrolan e deben seguir desenrolando os servizos sociais municipais e os centros da Muller.

Subliñamos a necesidade de poñer en marcha nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero o Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas da violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro no seu percorrido xudicial, dende o momento no que se pon a denuncia ata o final do proceso. Así tamén é importante o establecemento de protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero. Fai falta moito valor, moita coraxe para saír da violencia, para denunciar ó maltratador, para facerlle fronte, cada retirada de denuncia é un fracaso da xustiza. Cada denuncia retirada é un éxito do maltratador na súa estratexia do medo, da coacción, da ameaza. A impunidade é gasolina para o motor da violencia e hai que eliminala.

Sabemos que a violencia de xénero é un fenómeno complexo, polo tanto, os que se confrontan a el teñen que estar especializados e ter recibido unha formación completa e rigorosa. Sabemos que moitas veces existen fallos na percepción do risco e nos informes psicosociais e cando nos damos conta, moitas veces, xa é tarde para a muller vítima da violencia.

A educación é outra das nosas preocupacións. Se non rompemos os ciclos, a violencia de xénero pasará de xeración en xeración. Temos que buscar, entre todos e todas, a maneira de prever, protexer e reparar o dano a menores vítimas da violencia de xénero e especialmente, é importante a incorporación ó currículo en todas as etapas educativas a formación específica en igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero.

Por todo elo, sometes a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar os seguintes ACORDOS:

Este Concello manifesta a súa repulsa a todas as manifestacións de Violencia de Xénero, redobra o seu compromiso coas vítimas e declara a tolerancia cero cos maltratadores e polo tanto:

**1.-** Esiximos ó Goberno estatal que a través dos seus ministerios de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdade, Xusticia e Economía:

- Repoña e dote suficientemente as partidas orzamentarias, que se viron recortando nos últimos anos, especialmente os recursos destinados á prevención e á asistencia social das vítimas de violencia de xénero, dependentes tanto das Comunidades Autónomas, como dos servizos de proximidade dos concellos.
- Estipule un fondo de apoio ós concellos para dar reforzo á rede de servizos públicos, impulsando o papel que desenrolan e deben seguir desenrolando os servizos sociais municipais e centros da Muller.
- A posta en marcha, nos Xulgados Especializados en Violencia de Xénero, do Acompañamento Xudicial Personalizado para facer accesible a información ás mulleres vítimas de violencia de xénero sobre o itinerario e procedemento máis seguro, no seu percorrido xudicial dende o momento no que se pon a denuncia ata o final do proceso.
- Estableza protocolos de intervención específicos para a atención integral ás mulleres que retiraron a denuncia por violencia de xénero.
- Active de forma permanente o Plan Nacional de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero.
- Incorpore ó currículo a formación específica en Igualdade, educación afectivo-sexual e de prevención da violencia de xénero en todas as etapas educativas.
- Poña en marcha un Plan integral para previr, protexer e reparar o dano a menores vítimas da violencia de xénero.
- Amplíe as disposicións preventivas, procesais, punitivas e protectoras da lei de 2004 para abarcar, coas adaptacións necesarias, todas as formas de violencia contra a muller, tal como esixe a Recomendación Xeral nº 19 da CEDAW e o Convenio do Consello de Europa sobre Prevención e Loita contra a Violencia contra a Muller e Violencia Doméstica (Convenio de Istambul), que España ratificou.

**2.-** Instamos á Xunta de Galiza a trasladar ao goberno do Estado a necesidade de modificar a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, introducindo o termo Femicidio e iniciar os traballos para desenvolver o Estatuto de Vítima de Femicidio.

Introducir, así mesmo, na citada modificación a acreditación da situación de violencia machista, recollendo certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou documento acreditativo da propia orde de protección ou da medida cautelar; sentenza de calquera orde xurisdiccional que declare que a muller sufriu violencia en calquera das modalidades definidas nesta lei. Tamén a certificación ou informe dos servizos sanitarios e/ou sanitarios e certificación dos servizos de acollida da Xunta de Galiza ou do concello. Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social e calquera outra que se estableza regulamentariamente.

Así mesmo, a iniciar os traballos para modificar da Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero para incorporar a regulación do Femicidio e o estatuto de protección das vítimas do feminicidio

Finalmente, instamos á Xunta de Galiza a mellorar os servizos de atención psicolóxica, información, inserción laboral recollidos na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero e garantir que o servizo 016 de atención as mulleres estará operativo e con medios reais durante todos os días do ano as 24 horas do día.

**3.-** Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e ao do Goberno do Estado.>>  
O alcalde abre a quenda de intervencións.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, Antonio Castro Castro, di que o seu grupo apoia a moción e que se suman á mesma.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo vaise absterse, engade que comparten a dor polas mortes e agresións que se están producindo e os obxectivos da moción pero non moitos dos razoamentos que se fan nela. Indica que están de acordo en que se inste á Xunta de Galicia e ao Estado para que continúen incrementando recursos económicos destinados á prevención e asistencia social ás mulleres vítimas de violencia de xénero, e a que sigan desenvolvendo todos os días as políticas de prevención e sensibilización ás mulleres vítimas de violencia de xénero e continuar co xa existente da Lei orgánica 1/2004 de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei galega 11/2007 de 27 de xullo para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero co obxectivo único da prevención e tratamento das mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas.

Sinala que nalgúns razoamentos que se fan no contido desa moción non son certos, xa que se dí que hai recortes nas políticas de igualdade e violencia de xénero, e non é certo, como se pode comprobar ao examinar os orzamentos. Indica que dende o ano 2009 ao ano 2015 aumentou considerablemente a cantidade, máis do dobre, destinada a ese fin, polo que este non é un problema só de recortes, xa que non os houbo.

Tamén dí que no caso do Estado tampouco se recortou xa que están aumentando as cantidades destinadas á violencia de xénero. Continúa dicindo que en canto ás unidades de violencia de xénero xa existe unha na Delegación do Goberno en Galicia e ademais en cada subdelegación do goberno das catro provincias, hai xefes de unidades de violencia de xénero, coordinadas pola propia Delegación do Goberno. Polo tanto moitas das cousas que se piden nesta moción xa existen.

Segue dicindo que tamén se pide que se cree un fondo de apoio aos concellos, e xa existe unha orde anual de subvención ás entidades locais para promoción da igualdade, como saben, e que a cantidade destinada aumenta cada ano.

En canto ao protocolo de intervención de actuación de violencia de xénero, atopáse en marcha polo Observatorio Galego da violencia de xénero, constituído en 2014 e hai unha serie de grupos de traballo traballando neste protocolo.

Do Plan nacional da sensibilización a que fai referencia foi elaborado no ano 2007-2008, e agora hai unha plan de estratexia nacional para erradicación da violencia de xénero de 2013-2016 que se están desenvolvendo en todos os seus obxectivos.

En canto ás prevencións nas etapas educativas tamén se está realizando no Decreto 86/2015, de 25 de xuño da Xunta de Galicia, polo que xa existe unha actuación neste ámbito.

Fálase dun plan para prever e reparar o dano a menores vítimas da violencia de xénero, e este plan está recollido pola Lei orgánica 8/2015 de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia; e a LLei 26/2015 de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e mulleres vítimas de violencia de xénero.

Dí que ademais a lei 7/2015 de 21 de xullo pola que se modifica a lei orgánica do poder xudicial, tamén regula aspectos da violencia de xénero.

Indica que hai moitas máis medidas en relación ca violencia de xénero.

Engade que en canto ao Estatuto do Feminicidio é onde xera máis discrepancias, polo propio concepto de feminicidio, xa que non ten acollida na nosa propia lexislación, xa que é un termo usado noutros países. Entenden que xa existe un Estatuto de protección das vítimas de violencia de xénero como é a Lei 4/2015, do Estatuto da vítima do delito, que abrangue tódolos delitos e con disposicións específicas para as violencias de xénero.

Dí que as condicións para acreditar a violencia de xénero pódense acreditar ca documentación necesaria.

Tamén indican que hai outras actuacións que se están prevendo e realizando en relación ca violencia de xénero.

Indica que polo tanto as medidas que propoñen xa están todas amparadas pola diversas leis e actuacións, e que as mocións presentadas están cuestionando o traballo que está facendo o goberno da Xunta e do Estado, polo que o seu grupo váise abster.



A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, di que depóis de oír ao vicevoceiro P.P. aínda está máis triste porque todas as medidas que acaba de indicar, deben ser deben ser todo teórico porque están sen dar resultado xa que a violencia de xénero está aumentando, e que habería era revisalas xa que se estarían malgastando os recursos propios sen darlle solución a esta lacra social.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que segundo manifesta o vicevoceiro do P.P. todo está feito, que os recursos aumentan cada ano. Evidentemente na partida presupostaria desde logo aumenta. Pero que non se gasta toda a partida, senón que se cambia para outras cousas, xa que eso non é o que están dicindo os xulgados de violencia de xénero, nin a sanidade que as cubre. Indican que non están tendo as axudas económicas suficientes para poder vivir e manter os seus fillos. Non dubida que as leis estean ahi, pero que non se están aplicando correctamente, xa que aumenta a violencia. Indica que tamén aumenta nas persoas xóvenes, polo que non están funcionando as medidas de prevención e educación actuais que vostede acaba de relatar coma un conto de fadas, xa que non se ven os resultados que indica.

Sinala que cada día chegan máis persoas a servizos sociais pedindo solución aos seus problemas e non encontran maneira de que funcionen esas medidas, de ahi a chadama deste grupo a un Estatuto de Feminicidio.

Non están en contra de que haxa todas as medidas pero que solicitan que se leven a cabo e que se creen todas as ferramentas necesarias para acabar con esta lacra.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, Antonio Castro Castro, dí despóis da exposición do vicevoceiro do P.P., quedou sorprendido e teñen que recoñecer que o asasino cólase por medio de todas as normas, xa que a violencia segue aumentando. Indica que ao mellor non é cuestión de regulamentos nin de normas.

O Alcalde para rematar dí que despois de ampla exposición do vicevoceiro do P.P. quere indicar que é acertado presentar este tipo de mocións, poque con todo o volume de leis e normas, etc. que hai, a violencia segue aparecendo e medrando, co cal os programas non están funcionando.

Os programas poden ser trampas porque son transversais xa que cas cantidades aínda que parezan grandes, son para repartir entre todos os concellos de Galicia, e toca arredor de 12.000 € por concello. Dentro disto non todos os concellos teñen asignado a mesma cantidade, uns levan máis e outros menos, plolo que son cantidades insuficientes. Dí que calquera programa de apoio as vítimas, conciliación familiar, etc., leva máis dedes 12.000 €.

Engade que o sentido das mocións, máis que criticar é chamar a reflexión. Comparte a idea deste novo concepto aínda que non sexa xuridicamente encaixable. É ir un paso máis ca o Estatuto de violencia de xénero. Pode chamarse feminicidio ou doutra maneira, incluso podería ser terrorismo. Pero hai que dar un paso máis na defensa da muller, da súa situación e das ferramentas para a súa protección.

Dí que esa chamada de atención aos poderes públicos que se faga dende un concello pequeno coma o de Rianxo, é o que vai xurdir efecto, incluso as que poidan chegar doutros concellos, de que non abonda, de que non chega as medidas actuais, e que hai concellos neste país sensibles a este tipo de circunstancia e que reclaman ir máis alá, que pretenden poñer un freo, unha barreira á vítima e sobre todo non amparar ao asasino, e esixirle aos xuíces outro tipo de amparo para estas situacións.

Rematado o debate, sométese a moción conxunta dos tres grupos, co engadido efectuado a VOTACIÓN, obtendo 11 votos a favor (6 dos membros do grupo BNG, 3 dos membros do grupo PSOE e 2 dos membros do grupo SON), cero votos en contra e 3 abstencións (dos 3 membros do grupo PP) dos 16 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos seguintes:**

## 10.2.- MOCION DO PSOE: POLA SUPRESIÓN DE UN AUTOBÚS DO TRANSPORTE ESCOLAR NA LIÑA DE VACARIZA (ISORNA) – LEIRO PARA O IES FÉLIZ MURIEL DE RIANXO.(R.E.Nº 7931 de 23/10/2015)

### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do PSOE Mª Carmen Figueira Ares xustifica a urxencia, ante o problema que xurdíu a primeiros do curso escolar, cos supresión, sen previo aviso, do transporte escolar que trae unha serie de prexuízos por ter que trasladarse.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

### B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Mª Carmen Figueira Ares, lee a moción.

#### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na liña de transporte escolar do IES Félix Muriel que ven dende Vacariza( Isorna) e Leiro, foi suprimido un autobús, sen ningún aviso previo por parte da administración . Dende hai moitos anos o transporte escolar desa zona vense facendo con dous autobuses e neste momento seguen a ser necesarios.

Esta restructuración imposta pola Xunta está a perxudicar ós rapaces e rapazas porque teñen que pasar moito tempo na viaxe ata o centro educativo( os que entran nas primeiras paradas ata 30 minutos na ida e outros tantos na volta). Non parece razoable que un traxecto de pouco máis de 10 quilómetros teña que levar tanto tempo. Hai que darse conta de que botan 1 hora e media no autobús e os luns, que é o día que teñen tamén clase pola tarde, ata tres horas.

Outro perxuízo que causa é que non hai suficientes prazas dispoñibles para os alumnos e alumnas de Bacharelato. Isto á Consellería parece que non lle preocupa e límitase a decir que ao ser unha ensinanza non obrigatoria, non teñen dereito a transporte escolar gratuito. Debería de ter en conta de que nesta zona non contan con transporte alternativo e non teñen posibilidade de asistir á clase se non é no transporte escolar. Aínda que o Bacharelato sexa unha ensinanza non obrigatoria, é necesaria para seguir estudando.

Os pais e nais do alumnado afectado están a preparar mobilizacións para que este recorte non sexa definitivo. Non están a pedir nada novo, so que os deixen como estaban dende hai moitos anos.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar os seguintes ACORDOS:

1/ Instar á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que volva a poñer dous autobuses para recoller ó alumnado que ven dende Isorna e Leiro.

2/Apoiar as iniciativas de protesta que organicen os afectados e afectadas pola supresión de un autobús nesta liña porque hai que facerlles ver que están a tratar con persoas que necesitan este servizo para poder seguir estudando. .>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que o seu grupo apoia a moción. A consellería ampárase que os rapaces poden estar unha hora dentro do autobús. Este regulamento que non foi modificado dende o ano 1983, cando as infraestruturas aínda eran moi deficientes, cando agora os tempos nas viaxes reducíronse á metade, e este regulamento segue sen modificar. Dí que hai que adaptar o regulamento aos tempos.

Indica que a educación é un servizo moi básico que inflúe onde elixes vivir, co cal que un neno ten que botar unha hora no autobús escolar, igual supón o cambio de domicilio a outro concello, de ahí que moitos sitios queden desertos, e o que aforran na liña de autobús vai para outros servizos.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo apoia a moción, xa que antepoñen os dereitos dos veciños antes que o compromiso co goberno da Xunta, que aínda que teñan as súas razóns, non as comparten.

Indica que quere felicitar á voceira do grupo Socialista por traer esta moción tan acertada, porque hai que estar apoiando aos pais e os rapaces. Que neste tema non hai que recortar nin aforrar, que hai que restablecer o servizo e apoian as mobilizacións que se fagan.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo vai apoiar a moción, debe volver a liña de autobús.

O alcalde di que vai haber mobilizacións e que houbo unhas negociacións ca delegación e ca consellería e que foron infrutuosas agardan que todo o movemento que poidan xerar e o apoio que reciban a nivel de rúa e manifestacións sirva para retomar e chamar a atención para traballar na reposición deste e na restauración dos servizos.

Indica que hai un entramado arredor dos transportes que implica que para atender a un colexio, desatenden a outro, xa que o monopolio das propias empresas de transporte escolar, son os que establecen os horarios das liñas, sen importar a quen prexudiquen. Señala que esta situación ten que mudar con investimentos.

Pola voceira do grupo do PSOE, M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares, sinálase que está prevista unha mobilización cunha camiñata para o vindeiro día 8 de novembro dende Vacariza ata Rianxo, onde se leerá un manifesto do problema para que a xenta sexa coñecedora do problema.

O Alcalde indica que a manifestación non ten que ser autorizada, senón comunicada e que a Delegación do Goberno xa ten coñecemento dela e que foi comunicada tamén á Policía Local.

Rematado o debate, sométese a moción recollida a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

### **10.3.- MOCION DO BNG: EN DEFENSA DS RECLAMACIÓNS DOS MARIÑOS GALEGOS AGRUPADOS NA ASOCIACIÓN LONGHOPE. (R.E.nº. 7774 do 15/10/2015)**

O Alcalde indica que esta moción xa veu algunha vez máis ao Pleno na defensa das reclamacións de noruega e que tamén houbo un escrito que a propia asociación presentou buscando que os concellos galegos tomen acordo da súa situación. Tamén se trasladou ao Parlamento de Galicia nese sentido cun grao de unanimidade.

#### **A) URXENCIA DA MOCIÓN:**

A voceira do grupo do BNG, **Adelina Ces Quintáns**, defende a urxencia mostrando o seu apoio a loita dos máis de 12.000 mariñeiros galegos afectados polas manobras do goberno noruega que non queren recoñecer os anos navegados baixo a súa bandeira.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

## B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Adelina Ces Quintáns, lee a moción.

### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pobo galego sofre dende hai longo tempo o cancro terríbel da emigración. As librarías e as bibliotecas están cheas de estudos máis ou menos documentados sobre a traxedia que a emigración supón para quen está obrigado a deixar a súa terra, ben por motivos socio-económicos, ben por cuestións políticas, ou por unha mestura de ambas as dúas e algunha máis, para procurar acomodo noutra terra afastada e allea. Reflicten tamén eses documentos as consecuencias que a maldición da emigración carrega para Galiza, que fica manca do sector máis activo da pirámide poboacional e produtiva, e desequilibrada pola longa ausencia de homes, ou mulleres, ou dos dous, pais, ao fin, que deixan de ser parte habitual da unidade familiar básica.

Non atoparemos neses documentos capítulos adicados á emigración no mar, maiormente homes que buscaron e atoparon traballo a bordo de buques de bandeiras estranxeiras. A década dos anos 50 do século pasado veu como os principais portos europeos se enchían de galegos na procura dun posto nas tripulacións dunha flota mundial enormemente dimensionada e sempre necesitada de man de obra capaz e responsábel, condicións das que andaban sobrados os nosos compatriotas. Aqueles homes, curtidos dende nenos nos nosos mares, aprendidos por avós e pais, construíron a ben merecida fama que os mariñeiros galegos acadaron ao longo do tempo nas compañías marítimas de toda Europa, de xeito que a condición de galego era o mellor *curriculum vitae* que calquera podía presentar para “ter” praza nun daqueles barcos, que ofrecían mellores condicións de traballo e de seguridade, mellores salarios e mellores condicións sociais que os seus correspondentes españois. Noruega, posuidora sempre dunha boa parte da tonelaxe marítima mundial, tamén tirou proveito do saber, da experiencia e do traballo dos mariños galegos. Por anos e anos, baixo a bandeira de calquera dos dous rexistros noruegueses, o Norwegian Ordinary Ship Register (NOR) e o Norwegian International Ship Register (NIS), desenvolveron boa parte da súa vida profesional e pagaron os impostos que a administración norueguesa lles impuxo.

Ao contrario doutras bandeiras marítimas europeas, Noruega non recoñece aos mariños galegos nin os anos que navegaron baixo o seu pavillón, o que impide que sexan computados en calquera cálculo a efectos de xubilación, nin os dereitos de pensión derivados dos impostos tributados ao longo daqueles anos, ata 1994. A administración norueguesa rexeita o recoñecemento dos dereitos dos nosos concidadáns alegando a súa condición de non residentes durante o tempo que navegaron nos seus buques, condición que non esixe aos seus connacionais que se atopan nas mesmas condicións, conculcando deste xeito, cando menos, o

- Artigo 14 do Convenio Europeo dos Dereitos Humanos que prohibe calquera forma de discriminación; considerando a pensión de xubilación como un dereito de propiedade e polo tanto elemento de protección; ou
- Artigo 98 da Constitución de Noruega que prohibe a discriminación entre nacionais e estranxeiros.

Dende 2008, a organización Longhope está a loitar polo recoñecemento dos dereitos dos aproximadamente 12.000 mariños galegos afectados polas manobras do goberno noruegués.

O traballo da organización Longhope non é en solitario pois en marzo pasado o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade a proposta do Bloque Nacionalista Galego, instando ao Goberno a interpoñer demanda contra Noruega por discriminar aos mariñeiros galegos no recoñecemento dos seus dereitos, ao non haber “xustificación obxectiva e razoábel” para a vulneración da prohibición de discriminación por nacionalidade na que incorreu Noruega.

Pouco antes, en febreiro, as deputadas do Bloque Nacionalista Galego no Congreso presentaron unha proposición non de lei instando ao goberno do Estado a:

- Adoptar as medidas legais correspondentes para interpor unha demanda contra o Estado noruegués ante o tribunal Europeo dos Dereitos Humanos , ao abeiro do artigo 33 do Convenio Europeo dos Dereitos Humanos ao vulnerar a prohibición de discriminación por nacionalidade por esixir a residencia aos mariñeiros galegos enrolados en buques de Noruega, como requisito para incluílos no Sistema da Seguridade Social. Requisito que non se esixiu aos mariñeiros de nacionalidade norueguesa enrolados nos mesmos buques noruegueses.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG propón á Corporación a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. **O Concello de Rianxo, apoiará institucionalmente o traballo da Asociación Longhope.**
2. **O Concello de Rianxo, comprométese firmemente a favor do pago das pensións dos noso mariños, situándose do seu lado e asumindo as súas demandas, e a facer presión mediante as súas posibilidades administrativas a Noruega a que pague as pensións aos nosos compatriotas.**
3. **O Concello de Rianxo insta á xunta de Galiza para que demande do goberno do Estado a presentación unha demanda interestatal urxente contra Noruega ao vulnerar os dereitos aquí mencionados, cumprindo así coa súa obriga de protexer aos nosos concidadáns e cidadás. >>**

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, dí que o seu grupo apoia a moción. Sinala que o escrito da asociación debeu ser remitido aos grupos e levado como unha moción conxunta.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, dí que o seu grupo está de acorda en instar a Xunta de Galicia, e o Goberno de España para que adopten con carácter inmediato as medidas necesarias ante o goberno de Noruega e ante os organismos internacionais que resulten competentes, para que sexan recoñecidos canto antes esos anos traballados polos nosos mariñeiros nos barcos dese país, para garantir o seu cómputo nos cadros das pensións ou no seu caso á devolución íntegra dos impostos que ese colectivo pagou cando traballaban nese país.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo apoia a moción. Iban a propoñer o texto que se aprobou por unanimidade de tódolos grupos políticos no parlamento de Galicia, pero que basicamente é o mesmo, só que inclúe ao concello de Rianxo. Nese senso apoian o texto presentado.

Engade que lles parece unha situación delirante e impropia dunha relación entre Estados, moderna como debería ser agora. A mosan o acordo a que se inste á Xunta e ao Estado para interpor a demanda interestatal.

Sinala que a Xunta xa ten feito algunha xestión, e que se trasladou ao Instituto Social da Mariña nas xuntas que tivo ca Consellería Rural e do Mar, ao Comisario de Pesca e Asuntos Marítimos e outros organismos.

O Alcalde dí que non entende moi ven a intervención do voceiro de Rianxo en Común-Son Antonio Castro Castro. Que a moción presentase por un grupo e que non ten que ver co escrito da asociación. Xa foi aprobada anteriormente outra moción en defensa desta asociación, sin que eles o reclamaran por medio de ningún escrito.

Indica que o máis relevante é que había unha reclamación da asociación Longhope que non foi atendida por ninguén e que facía referencia ao apoio económico. Dí que a demanda non a pode presentar o Concello de Rianxo, xa que supera en moito os honorarios do avogados

do goberno de Noruega, pero que podían amosar o seu apoio económico outro tipo de institucións.

Rematado o debate, sométese a moción recollida a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

#### **10.4.- MOCION DO PSOE: ESTADO NO QUE ESTÁN AS PROPIEDADES QUE FORON OCUPADAS TEMPORALMENTE MENTRES DURARON AS OBRAS DO TRES DE ALTA VELOCIDADES. (R.E.nº. 7930 do 23/10/2015)**

##### A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do grupo do PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, defende a urxencia porque está a punto de acabarse o período de ocupación temporal e a maneira en que deixan as propiedades sen arranxar non é a correcta.

Sométese a ratificación a urxencia da moción resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

##### B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

Mª Carmen Figueira Ares, lee a moción.

##### <<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante os anos que duraron as obras de construción da liña do tren de alta velocidade, na parroquia de Isorna estiveron ocupadas temporalmente moitas propiedades. No momento en que é necesaria a súa ocupación temporal, a maioría destas terras, eran leiras produtivas. Os propietarios e propietarias sabían que cando terminase o prazo de ocupación, as súas propiedades non iban a entregarlles exactamente como estaban antes das obras, pero si contaban con que se aproximarían bastante a como eran en realidade.

En aquel momento o Concello de Rianxo pediulle aos que iban a executar as obras que fixeran un levantamento topográfico da zona para así garantir que os marcos iban a volver quedar como estaban antes. A reposición da terra vexetal das leiras tamén se comprometeron a que iba a ser suficiente. Non se pide que sexa exactamente a mesma terra, pero o que si se esixe é que teña unha capa suficiente para que esa zona poda volver a ser produtiva.

Agora, cando está finalizando o prazo de ocupación, estase a ver que a reposición das propiedades non está a ser a correcta. A zona aparece case sen ningunha terra vexetal, do que se ve, case todo son pedras. A pouca terra que había, arrastrouna a auga que baixa do monte porque non a canalizaron como estaba antes. Os camiños non están ben acondicionados nin parece que teña o ancho que tiñan.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Rianxo somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar os seguintes ACORDOS:

1/ Instar ó Ministerio de Fomento que esixa á empresa que executou as obras que se poña en contacto con todos os afectados e afectadas e trate de deixar as propiedades da forma máis aproximada a como estaban antes da ocupación.

2/ Esixir que antes de entregar definitivamente as propiedades afectadas os propietarios e propietarias teñan que asinar a conformidade coa recepción e non pretendan marchar e deixar todo dese xeito.>>

Procédese polo Sr. Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

## DEBATE:

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, di que o seu grupo apoia a moción, sospeitan que todo se repite, antes ca autovía e agora cas obras do tren, debería solicitar repoñer unha fianza antes.

O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, **José Norberto Uzal Tresandi**, dí que o seu grupo apoia a moción considerándoa xusta. Ven ben que se requira á empresa para que deixen as terras como estaban. As indemnización foron pola ocupación temporal non polo dano que se está causando nas terras.

A voceira do grupo do B.N.G., **Adelina Ces Quintáns**, dí que o seu grupo apoia a moción estando de acordo con todo o exposto na moción e que se repoña todo no seu estado orixinal.

O alcalde engade que as veces hai dificultades que de encontrar voces de interlocución. Indica que no seu día debeuse ter previsto e esixirse unha boa fianza para agora poder reclamar. Sinala que agora Adif e o Ministerio de Agricultura queren descarga na empresa, pero quen aguanta o tirón en Rianxo, non só agora con estas obras, senón tamén con outras obras. Dí que tamén se solicitou á Deputación que fixera un informe a raíz das ultimas escorrentías que tamén afectou a un vial da deputación, e así entre todos poder reclamar para que volva todo o seu estado.

Sinala que tamén está afectada a zona da depuradora de Isorna e que quizá agora non sexa o momento de poder repoñer toda a terra das propiedades dado a tempada na que estamos, pero que nese caso esperaríase.

Rematado o debate, sométese a moción recollida a VOTACIÓN, sendo aprobada por unanimidade, cos votos a favor do total dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, **resulta APROBADA nos termos desta.-/**

## **11.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Polo Sr. Alcalde dase contestacións ás preguntas do último pleno.

- O alcalde fala referíndose á xestión de auga dicindo que o traballo que realizar o grupo de goberno do BNG vai na liña de que pode executarse a xestión pública tanto na depuración coma no servizo da auga. Son conscientes de que están en minoría e non pretenden que ningún se leve a engano do que supón a xestión pública. Indica que haberá unha comisión encargada do estudio para valorar os custes de asumir os servizos, incluído o persoal que agora está traballando neles. Son partidarios da xestión pública pero hai que analizar entre todos os grupos o asumir dita xestión e chegar a un acordo entre todos. Sinala que aproximadamente dentro de 15 días haberá unha xuntanza para tratar este tema.
- En relación ás Actas: estanse colgando as correspondentes ao ano 2015 do Pleno, vai por xullo e tamén se pediu ao servizo de informática que colgara as da Xunta de Goberno. Indica que quen se encarga de colgar as cousas na páxina web das actas e incluso de xestionar as redes, depende da vontade dalgún concelleiro e dos servizos de informática ou responsable político que xestiona o perfil. Tamén o Concello está participando ca Deputación no paso da Sede electrónica, para ir cos novos tempos e das novas ferramentas, cun esforzo de tempo e persoal.

- Centro de día: solicitouse novamente pedir audiencia por cambio de conselleiro de benestar e ofrecer os terreos municipais fronte o instituto ou clínica vella. Dí que neste ano no proxecto de orzamento da Xunta non aparece cantidade algunha referenciada a este tema en Rianxo.
- Consello escolar ou outra ferramenta que sirva para ese fin: Dí que se ten na idea de convocar unha asemblea aberta proximamente, onde participen colexios, institutos e asociacións de pais e nais sen exclusións e tamén os membros da corporación que desexen asistir, co obxecto de participar todos. Nembargantes de ser un Consello escolar, reduciría algúns colectivos á participación. Indica que no Consello Municipal non está prevista a participación de membros da corporación e excluíría tamén a outro colectivos. Se na propia asemblea se decide ir pola vía de Consello escolar municipal, como prevé a Lei de Consello escolar de Galicia, pois irase nese senso, pero a idea da Alcaldía é de asemblea para que participen todos colectivos.
- Limpeza de cunetas: está facendo orzamentariamente a contratación dun grupo de peóns para ese fin así como dun bacheado de urxencia. En relación ao asfaltado preelectoral das 25 pistas non foi así, xa estaba aprobado con antelación nun plan de obras, e por indicacións da empresa debido a climatoloxía, fíxose nese tempo. Ten informes positivos tando da Deputación como dos técnicos do concello dos proxectos, pero os efectos de aglomerado en frío non satisfactorios e hai que intentar facer aglomerado en quente. Tamén hai que ter en conta que os custes non son os mesmos. Indica que evidentemente os resultados non son os mesmos e haberá que valorar outras opcións.
- Sobre a demolición por sentenza do edificio de Arcos Moldes: o informe aínda está sen elaborar pero dí que o concello non ten ningunha sentenza, non é parte dese expediente. Hai un conflito xudicial entre dous particulares a día de hoxe nese proceso, a setenza non obriga ao concello a demolición. Non hai sentenza que implique ao concello a día de hoxe. Dí que os servizos do concello están a disposición de calquer grupo municipal neste asunto.
- Parques infantís en mal estado: estase procedendo a retirar os elementos que están en mal estados para proceder a repoñelos cando sexa posible. A mancomunidade financia 3 parques e no POS incluírase algún máis.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula os seguintes Rogos:

*R.1.- Adoptar as medidas organizativas para que os grupos da oposición teñan un tempo razoable para preparar os temas tanto do Pleno coma das Comisións Informativa. Entenden por tempo razoable que os membros da oposición poidan os venres dunha semana saber os compromisos que van ter co concello para a semana seguinte de dispoñan nese momento da orde do día e do material.*

O alcalde pregunta si se referire a 15 días antes do Pleno?

*Antonio Castro Castro di dunha semana para poder establecer unha axenda e mirar. Dí que non vé ningunha razón para que non se faga así.*

O Alcalde solicitalle aclare o tempo que quere para poder examinar os asuntos para tomar nota e ver si é posible.

*Antonio Castro Castro dí que cunha semana de antelación sería suficiente.*



**R.2.-** Reiteran o rogo de que á maior brevidade se ceda o local, xa solicitado con anterioridade. Caso de non ser posible, se llo comunique para poder organizarse.

**R.3.-** As preguntas que se formulan, se contesten no propio Pleno, ou caso contrario aparezan contestadas na acta, para cando a reciban facer algunha nova intervención se o desexan. Se non hai impedimento legal, rogan que as preguntas que se formulén se inclúan na acta do mesmo pleno.

O Alcalde, dí que a Lei fala de 4 días antes, onde dí que si se fan as preguntas por escrito, ten que ser respostada nese mesmo pleno. Dí que non ten problema en contestar na acta pero é unha atribución o poder contestar as que non sepa noutro pleno. Indica que está cumprindo co establecido de contestar no pleno seguinte, pero a obriga é de que se contesten de viva voz no mesmo pleno ou no pleno seguinte. Engade que non sabe si é posible o que pide pero que se mirará.

O voceiro do grupo RIANXO EN COMÚN-SON, **Antonio Castro Castro**, formula as seguintes preguntas:

**P.1.-** O modo de funcionamento sobre policía local no que atinxe aos auxiliares de policía local, cando a Lei di que teñen que estar diferenciados na vestimenta. Por que visten igual ca Policía cando teñen que estar diferenciados, segundo a lexislación vixente?

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**P.2.-** Por qué os auxiliares da Policía Local fan denuncias cando non está na súa función?

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**P.3.-** Cal é o motivo de que algúns auxiliares están nunha situación irregular de contratación ao levar mais de 9 anos contratados?

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**P.4.-** Quen foi o culpable da perda da subvención para adquisición dun coche para a Policía Local, xa que vostede dixo que fora un erro humano importante que custa ao concello, que custa 14.000 euros ano. De quen foi o erro?. Xa foi apercebida a persoa?

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**P.5.-** Consultada a auditoría sobre o alumeado público que lles fixeron chegar, atópanse con datos preocupantes sobre os traballos que se fan, cando quen paga é a Admón. Pública e ao mesmo tempo a pouca capacidade que ten a propia Admón. Pública. Hai un dato realmente alarmante, 57 dos 92 cadros do alumeado están sen interruptor diferencial. É preocupante, xa que calquera persoa que toque unha farola corre risco de quedar electrocutado, como xa ten acontecido nalgún sitio. ¿De quen é a responsabilidade de que isto estea así?

¿Que medidas se van tomar para resolver esta situación?

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**P.6.-** En relación ao abastecemento de auga, no contrato da concesionaria do ano 95 aparecía recollida que debería de haber un plan ordinario de inversión, entenden que este plan abarcaría ata o 2000, no cal se deberían acometer diversas obras relacionadas. ¿En que situación están os núcleos que se mencionan no mesmo no ano 2015?

*¿Alí onde dispoñen do servizo, cando se rematou a obra?  
¿E con cargo a que fondos?*

*P.7.- No pleno anterior, relativo a concesionaria de abastecemento de auga, preguntábase se estaba auditado o estado das instalacións, por que o necesitarían para recoller o servizo, pero encontramos tamén no contrato con algo que nos pode ser de gran utilidade: de que a empresa está obrigada a facer unha descrición anula do estado das instalación e esta descrición. Gustaríalle que se lle facilitara os últimos catro informes descritivos da empresa. A empresa comprometéase por contrato a apertura dunha sucursal de servizos como oficina de atención ao usuario en Taragoña, que debería estar aberta no ano 1996. A súa opinión, esta oficina non está aberta nin nunca estivo. ¿Houbo algunha modificación do contrato neste senso?. ¿Que aportacións económicas ou doutro tipo fixo a empresa como contraprestación a este importante aforro?.*

*P.8.- En relación aos distintivos da empresa para seguridade ao usuarios, no contrato establecíase que debería ser concello de Rianxo-servizo municipal de augas. ¿Cal é o motivo para que non utilicen permanentemente este distintivo? ¿Por qué non se lles esixe dende o Goberno Municipal?.*

*P.9.- En relación ás actividades que se desenvolven ou van desenvolver no Liceo. Este voceiro está asistindo a unha delas, e parecelle un local desordenado e sucio, e estase dando unha mala imaxe aos veciños e incluso a veciños doutros concellos, xa que tamén asisten as actividades. O espacio e o mobiliario no que se desenvolve o curso se axustan á actividade e a idade dos participantes, e o acceso ao local non conta cas condicións necesaria. ¿Cumple a normativa legal as placas de gas instaladas alí para desenvolver o referido curso? ¿Está supervisada a instalación e certificada por algún técnico cualificado?.*

*P.10.- Recentemente celebrouse neste concello os actos do Dolmen de Ouro co apoio do Concello, nembargantes elo causou un prexuízo aos usuarios das instalacións, xa que estiveron pechadas algúns días, e os traballadores do concello estiveron ocupados descoidando outras tarefas. ¿Que aportación económica fixo o Concello a estes actos? ¿A que iba destinada? ¿Non sería mellor implicarse un pouco máis na parte formativa e un pouco menos na festiva?. Porque igual se pode entrar nunha competencia desleal, xa que hai locais que fan este tipo de eventos.*

*P.11.- En referencia a Arousa Norte, ¿Que pensa de democratizar os órganos de xestión da Mancomunidade? ¿Establecer algún novo con representación de máis partidos? Neste momentos non está representado o seu grupo municipal nin o grupo municipal socialista.*

*P.12.- En canto á violencia machista e o acto no que estiveron o día 7 de outubro diante do concello. Varios días antes de recibir a invitación institucional no email, o BNG, estábao difundindo nas redes sociais. ¿Era un acto institucional ou era un acto de partido?.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, M<sup>a</sup> Carmen Figueira Ares, formula os seguintes rogos:**

*R.1.- Que se lle facilite a un grupo de persoas que queren facer unha labor de recopilación das cancións antigas para que non se perdan a posibilidade de usar un local adecuado e nun horario compatible. É importante coidar o patrimonio cultural.*

*R.2.- Que se inste a Portos, xa que é zona da súa competencia, o pintado e sinalización dos viais do entorno do Auditorio, Lonxa, galpóns, gasoleira, etc. e a unha correcta*

*senalización para evitar incidentes entre os vehículos que circulan pola zona por non estar clara a preferencia de paso.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**R.3.-** *Se proceda o arranxo dunhas marquesiñas que estan en mal estado, por exemplo na Ermida, etc.*

**R.4.-** *Construcción dunha marquesiña no Monte Grande, xa que os rapaces teñen que estar a intemperie mentras esperan o autobús escolar.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**R.5.-** *Se revisen os espellos que están colocados nas saídas das vías con pouca visibilidade, xa que hai algúns rotos e outros descolocados e non fan a súa función.(Saída da pista da Marquesa, Salto de Lobo, etc.)*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

**R.6.-** *Que se faga un seguimento do estado das vías do concello, xa que hai algunhas que non se tocaron en anos e están en mal estado e debería repararse antes de que os baches sexan grandes.*

Deixase a resposta para o próximo pleno.

A voceira do grupo do PSdeG-PSOE, **Mª Carmen Figueira Ares**, formula as seguintes preguntas:

**P.1.-** *¿Cando se vai arranxar o entorno dos contedores soterrados na rúa Roxeriu Pérez? O lugar onde están ubicados está desfeito, e hai unha chapa cara arriba que supón un perigo para os viandantes.*

O alcalde toma nota.

**P.2.-** *¿Cando se van baixar as cunetas no segundo tramo asfaltado de novo no Campo Maneiro a Ourille? Pintóuselle a liña do centro pero hai que eliminar o chanzo que quedou entre o asfaltado novo e a cuneta. Medraron as herbas e está perigoso.*

O alcalde toma nota.

**P.3.-** *¿Cando se vai facer algún arranxo na Casa da República? Entra a auga no salón de abaixo cando chove moito e hai cisternas que non funcionan. Na entrada principal mal.*

O alcalde toma nota.

**P.4.-** *¿Houbo algunha resposta por parte da xunta a solicitude de poñer unha sinal de incorporación pola dereita no vial que vai dende a Ponte de Catoira ata a Autovía?. Circúlase a bastante velocidade e resulta perigoso a circulación da pista que ven de Vacariza.*

O alcalde toma nota.

**P.5.-** *Nas obras que se están executando na Praza Virxe de Guadalupe, ¿quen corre cos gastos?*

O alcalde toma nota.

**P.6.-** *¿Como vai o estudo das alegacións do PXOM?*

O alcalde toma nota.

**O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, José Norberto Uzal Tresandí, formula os seguintes rogos:**

**R.1.-** *Insiste no tema de que se facilite a documentación cando se fai a convocatoria non só do Pleno, senón das Comisións Informativas. Hoxe é doado mandar a documentación por email e evítase por nun compromiso aos funcionarios municipais que a teñen, xa que non teñen capacidade de decisión para facilitar copias. Algunhas das propostas que foron aprobadas hoxe neste Pleno xa podían vir ditaminadas favorablemente co voto dos grupos. Moitas das veces non teñen tempo material para ver a documentación. Sería beneficioso para todos.*

**R.2.-** *En canto ao entorno da Clínica da Urbanización a Martela, facía falta revisar as beirarrúas por estar en mal estado.*

**R.3.-** *En canto aos locais dos grupos, en caso de non facilitalos, que se lle comuniquen. A Lei de Administración Local de Galicia establece que teñen dereito a ter un local acaído para desenvolvemento das funcións dos grupos na Casa Consistorial.*

**R.4.-** *Na zona de Buía, na zona de Toural, Rabado, fixéronse unhas obras que teñen que ver ca auga e quedaron de ir a reparar e neste momento hai fochangas nalgúns lados e estase desfacendo todo e convíña atallar eso.*

**R.5.-** *A iluminación do Paseo, é moi deficiente, sería convinte facerlle unha revisión. En caso de ser competencia de Portos, debería requirirse para reparalos.*

**R.6.-** *En relación cunha pregunta que contestou sobre as persoas que manexan os perfís do concello nas redes sociais. Entendemos que dixo que era un funcionario.*

Polo Sr. Alcalde aclárase que é un concelleiro, e que depende do perfil.

*O Sr. Voceiro dí que as persoas que manexan eses perfís manteñan o deber de neutralidade política, máxime no tempo electoral. Nas últimas eleccións dende ese perfil estábase contestando a declaracións que estaban facendo candidatos a esas eleccións e xera confusións entre institucións. As administracións públicas e os funcionarios públicos teñen un deber de neutralidade política, sobre todo en tempo electoral. É lexítimo contestar dun perfil participar, pero dun perfil da admón., non cumpre a lei. De cara ao futuro que se manteña o nivel de neutralidade e se cursen as instrucións oportunas.*

**O vicevoceiro do grupo do Partido Popular, José Norberto Uzal Tresandi, fai as seguintes preguntas:**

**P.1.-** *En relación á Escola infantil, ¿como están o estado das obras?. ¿Que é o que se fixo?. ¿Queda algo por facer?.*

Resposta da Alcaldía:

- En relación a esta última pregunta, fixéronse as obras pertinentes.

A directora comunicou que a obra do tellado foi exitosa e que agora non mete auga a instalación, e felicítanos pola actuación. Repintáronse algunhas salas e este fin de semana

rematouse o repintado da entrada. Rematando así os compromisos de actuacións extras do Concello. Tamén se van colocar ben os focos que estaban fora do sitio e algún outro pequeno arranxo para volver a normalidade.

- Non hai ningún problema en facilitar a documentación dos Plenos e Comisións Informativas cando se teña. Nin utilizar os medios informáticos. Dí que as comisións informativas non son o lugar onde se debate, senón onde se presenta a proposta. Non é debater. Dí que son potestativas e incluso se poden levar os asuntos ao Pleno sen pasar pola comisión informativa. Estase procedendo a entregar a documentación. Indica que case todos os concellos están procedendo coma en Rianxo, incluso que nalgún só da a convocatoria. Dí que él tamén estivo na oposición e só lle entregaban a convocatoria e tiña que recoller as notas todas a mán. Que nunca lle facilitaron documentación e a lexislación era a mesma. Non é intención do equipo de goberno agochar documentación ningunha. Recorda que hai outros concellos, onde os plenos son de mañán e que non facilitan documentación ningunha. Sinala que está de acordo en que hai que mellorar, pero que as veces rematanse as cousas co tempo xusto de convocar.

Engade que se vai remitir a documentación solicitada que non teñen inconveniente, xa que se está remitindo aos voceiros dos grupos normalmente toda a documentación.

- En relación ao entorno dos contenedores, xa está arranxado. Xa estiveron alí.

- No tema da Casa da República, pode ser un dos proxectos do POS.

- En canto ao sinal, está autorizado e vaise poñer. É unha sinal para favorecer no sentido de acceder á rotonda. Que ningún use ese espello para saltarse o sinal.

- No tema dos auxiliares da policía, dí que o auxiliar ten que ter un grado a extinguir en Rianxo. De xeito, se é posible, dentro da proposta orzamentaria van poñer dúas prazas de policía e que esas dúas prazas, fagan extinguir as dúas prazas de auxiliar, para que poidan exercer os auxiliares na época de verán como reforzo. Preténdese que vaian no orzamento as dúas prazas para que os auxiliares do concello se incoporen, de ser o caso, nun concurso aberto a súa praza correspondente. Indica que levan traballando 9 anos e que teñen o mesmo dereito que calquer traballador que leve o mesmo tempo. Terán que recorrer á Xustiza e posiblemente os declare indefinidos. Dí que pasa co persoal en xeral que cando non hai unha oposición por medio adquire esa condición cando non hai unha oposición. Dí que pasa en moitos concello. Este equipo de goberno xa se encontrou con esa situación do persoal na plantilla. A condición de indefinido ningún traballador a adquiriu con esta corporación, xa estaban de antes. Hai algunha demanda en curso en relación con esta condición, non da policía, senón doutros traballadores. A intención é de crear as prazas por oposición libre e que entren a formar parte en boa lei desta plantilla.

- En relación a Arousa Norte, o concello colabora. Non se ofreceu, senón que respondeu a unha chamada da Federación de Empresarios do Barbanza e da Asociación Rianxeira de Empresarios. Dí que había máis de 13 anos que non se desenvolvía aquí e o empresariado local quixo que fora aquí. Se non fora así, non se iba candidatar a Rianxo, nin para ese acto nin para outro deste estilo.

Sinala que Arousa Norte é un órgano que precisa dunha reincorporación de novos grupos e no mandato anterior, cando era de 3 alcaldes do mesmo partido e 1 doutro, non era o marco apropiado. Dí que coida que nin nesta poida sair unha cousa positiva, no senso de que ou se fai cun grande grao de unanimidade dos catro concellos. Dí que a proposta de ratificación non só vai ser dos catro alcaldes, senón que despóis vai ser cada Pleno quen debata a proposta e ten que haber respaldo. Rianxo non tería inconveniente nunha reforma estatutaria, onde non só estean os alcalde, senón tamén os representantes dos grupos que compoñen as corporacións. Dí que a Mancomunidade debe ser a que se adique a facer acordos. Vai apoiar a proposta para que poida chegar para debates, pero que non se rompa

a Mancomunidad, porque igual nos quedamos cun órgano moi democrático pero só dous concellos. O BNG xa ten prantexado esta modificación, pero da mellor maneira. Se a Mancomunidad asume determinados servicios hai que pagalos o que supón un aumento da aportación económica.

- En canto aos alumeados, falan da auditoria porque o equipo de goberno lles facilitou os datos e dalgunha maneira hai unha boa fe e desexo para cambiar a situación, por eso se prantexa unha auditoria. Indica que tiveron reunión e que teñen alternativas que van a encamiñar nas vindeiras semanas, do cambio ao 100% dese servicio, para resolver os temas dos diferenciais, da iluminación e da situación anómala que se ven dando estes anos. Hai vontade de reparalo e preocupación polo estado en que está, de ahí que se encargara a auditoria para cambiar as cousas. Hai unha idea dunha empresa de servizos enerxéticos, coma noutros concellos, e non só do alumeado público senón o cambio dos 90 cadros tamén. Dí que é un custe grande dunha 200 ou 300 mil euros.

- En relación ao tema da subvención do coche da policía, dí que o culpable é él, xa que del depende o mandar a subvencións. Dí que él é o Xefe da Policía e o responsable directo. Indica que non lle gusta sinalar culpables. En todo o caso o responsable político é o Alcalde, non lle gusta facer persecución a ninguén. Estaba previsto facer un “leasing” antes de que saíra a subvención xa que hai que renovar os dous coches.

Engade que o concello de Rianxo, xa perdeu dúas subvencións máis para adquisición do vehículo da policía, pero non se concederon. Se realmente sobrarian coches como se dixo, porque non se sacou de nova a subvención e se avisou aos concellos que non pediron?. Non se estableceron mecanismos para reparar esta situación. Estará atento para a seguinte convocatoria, incluso para outros servizos. Sinala que sin embargo a protección civil, se lle concedeu un coche, co cal será mérito desta Alcaldía. Dí que non se pode pensar que fora nesta subvención cando concederan o coche, dado que nas outras convocatorias xa llo denegaran. Dí que falará ca persoa responsable e se ela o considera oportunos que lle pasará o informe que ten sobre a mesa sobre a actuación.

Sendo as 23:19 Horas ábrese a quenda de rogos e preguntas para o público asistente.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 23:20 HORAS, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde.**

**A Secretaria accidental.  
DXAL**

**Adolfo Muíños Sánchez**

**Vicenta A. Campaña Martinez**